Carmen Santos Queiruga, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, sobre a derogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 2 de marzo de 2012 publicábase no DOG a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei, que é a primeira medida do 2012 con respecto á crise tomada polo goberno do PP na Xunta, atacou directamente os dereitos laborais e económicos conseguidos polas traballadoras e os traballadores públicos durante anos de negociacións colectivas e acordos entre sindicatos e gobernos, acordos alcanzados entre todos os implicados que o PP viu a liquidar coa implantación dunha lei.

Coa publicación desta lei o que o PP fixo foi cargar sobre os traballadores e as traballadoras do sector público todo o peso dunha crise financeira provocada por outros, xa que era a maneira máis doada, rápida e sinxela ao seu alcance, procedendo dictatorialmente a través de un Decreto sen consensuar contando co único apoio do propio Partido Popular. En lugar de tomar medidas urxentes fronte á corrupción institucionalizada, fronte ás prácticas ilegais do sector da banca, fronte ás portas xiratorias ou fronte a privilexios cos que os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia contan (como contar con parte dos ingresos libres de impostos), o Partido Popular optou por aplicar recortes nos dereitos dos traballadores e as traballadoras públicas mediante esta lei, recortes nos dereitos adquiridos dos propio traballador ou traballadora que, obviamente, non só afecta ao traballador ou traballadora senón que afecta en primeira instancia á súa



unidade familiar e, por suposto, ao servizo público en si, polo que é unha medida de recorte que afecta directamente a toda a cidadanía galega.

Concretamente, esta lei contempla, entre outras medidas, a práctica eliminación do Fondo de Acción Social, a suspensión do complemento ás prestacións da seguridade social en situación de incapacidade temporal, e a suspensión dos artigos 19, 29, 34.2 do Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, medidas que deben de suprimirse canto antes e restituír os dereitos laborais e económicos alcanzados antes da crise para poder contribuír coa recuperación da estabilidade perdida.

Con respecto a esta recuperación necesaria, as medidas recollidas nesta lei están suxeitas a unha temporalidade marcada na exposición de motivos, xa que as define como “medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal” e supedita a súa vixencia”...á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas.”. Ademais, na disposición final única vincula a súa revisión, en un prazo de dous anos, á mellora en Galicia do Produto Interior Bruto real e da evolución positiva do Aforro Primario dos orzamentos.

Analizada esta situación pormenorizadamente pola CSIF Galicia e comparando os datos obtidos, obsérvase que as circunstancias da vixencia da Lei 1/2012, de 29 de Febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia xa non se dan, pois existe unha clara previsión alcista para o presente ano e os vindeiros.

É por isto que a medida tomada nesta lei con respecto á supresión do complemento ás prestacións da Seguridade Social en situación de incapacidade temporal debe ser derogada para que as traballadoras e os traballadores públicos recuperen parte dos seus dereitos retirados.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para ao seu debate en Pleno:



- Cando ten previsto o Goberno restituír o complemento ás prestacións da Seguridade Social en situación de incapacidade temporal retirado como medida de urxencia pola Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia ?

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2018 18:29:06

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Segundo o documento sobre conflito de intereses no ámbito da saúde, publicado pola Xunta de Galicia e aprobado polo Consello de Bioética de Galicia, denomínase conflito de intereses ao conxunto de circunstancias que orixina un risco de que o xuízo ou a actuación dun profesional respecto dun interese primario poida verse influído de forma indebida por un interese secundario.

Na mesma liña, a Lei 1/2016 de Transparencia e Bo Goberno, explica na súa exposición de motivos a necesidade de potenciar o control sobre os eventuais conflitos de intereses que poidan xurdir no exercicio do altos cargos, regulando ditos conflitos no artigo 43 da mesma norma.

Con todo, a práctica está moi lonxe da teoría e nestes últimos meses non paran de saír exemplos prácticos de portas xiratorias e desvíos de poder no eido da sanidade galega.

A última noticia a atopamos na designación da ex conselleira de Sanidade Rocío Mosquera para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía da sanidade galega.

Neste sentido, é necesario cuestionar en primeiro lugar a propia existencia de Galaria (antigo MEDTEC) como empresa provedora de servizos de alta tecnoloxía, ao ser un foco de denuncia pública por opacidade, ademais de resultar incomprensible que sendo a innovación en tecnoloxía unha das motivacións da existencia da empresa, esta estea subcontratada polo SERGAS mediante unha



colaboración público-privada, un tipo de xestión ao que a Sra. Mosquera foi moi proclive na súa etapa na Consellería de Sanidade con fórmulas e modelos de xestión privada, especialmente agraviantes para a área sanitaria de Vigo, e con decisións mediatizadas por conflitos de interese e políticas privatizadoras.

A encomenda realizada para a xestión da Oficina Técnica do Novo Hospital de Vigo e a subcontratación coa empresa Eficiencia Clinical Management, non só constituíu unha porta xiratoria en sí mesma, si non que tivo uns pésimos resultados de xestión, chegando a ser substituída pola xestión pública. No referente ao Novo Hospital de Vigo, a ex conselleira puxo en marcha a privatización do mesmo mediante unha fórmula de concesión de obra pública a iniciativa de financiación privada, coñecida como PFI, pola que se privatizou a xestión no novo hospital e se reduciron de forma substancial as prestacións sanitarias do mesmo para favorecer os intereses económicos da empresa privada concesionaria, que a día de hoxe xa ten amortizado un terzo da débeda de construción, mentres que o Servizo Galego de Saúde deberá pagar un canon de 68 millóns a esta empresa durante a lo menos 20 anos, a maiores dos custos de outros servizos como a limpeza ou a lavandería.

Respecto ao conflito pola xestión privatizadora do Novo Hospital de Vigo, non debemos esquecer que este rematou co seu mandato cando foi cesada como Conselleira logo dunha masiva manifestación na que a cidadanía de Vigo rexeitou a súa política sanitaria.

Pero os tratos de favor da Sra. Mosquera, exemplificáronse tamén coa renovación do concerto co Hospital Povisa cun evidente conflito de intereses ao formar parte dos órganos directivos Do Hospital A nosa Señora da Esperanza, pertencente o grupo Povisa.

A elección deste persoa, constitúe unha falta de respecto a cidadanía e á propia lexislación en materia de incompatibilidades non so polo trato de favor ás



empresas privadas durante o seu mandato como conselleira se non porque durante a súa carreira profesional veu ocupando varios postos de relevancia na xestión de empresas e hospitais privados que facturan grandes cantidades ao Servizo Galego de Saúde

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Cales son os criterios empregados polo Goberno para designar á Sra. Mosquera como directora xerente de Galaria?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. do

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/02/2018 10:22:49

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Fondo de Continxencia é unha partida que se pode dotar nos Orzamentos da Administración co fin de atender gastos imprevistos e non discrecionais.

A Xunta de Galicia dota todos os anos nos seus orzamentos unha partida para este concepto que non é empregada para a finalidade que ten. Así o Consello de Contas, ano tras ano, pon de manifesto nos informes de fiscalización da Conta Xeral da Administración que a Xunta de Galicia *“Emprega esta partida como unha ferramenta de cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación, por escasamente realista, e que son reiteradamente orzados á baixa para dotalos do crédito necesario ao longo do exercicio, ás veces incluso baseándose nas estimacións e non nas necesidades xurdidas”*

Unha vez máis podemos constatar a falta de rigor orzamentario, así como a falta de transparencia na xestión da Xunta de Galicia, ocultando as necesidades orzamentarias en determinadas partidas que serán incrementadas durante o exercicio con partidas ponte.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre as conclusións sinaladas nos informes do Consello de Contas?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/02/2018 11:21:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/02/2018 11:21:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nestes días as comunidades de propietarios VPP das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido (A Coruña) están a recibir unha carta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) pola cal se proxecta a realización de obras subvencionadas con fondos FEDER – GALICIA, para a rehabilitación enerxética nas 12 vivendas de promoción pública, con actuacións puntuais no interior de cada unha delas.

Non obstante, as ditas cartas non contemplan nin a data de iniciación das devanditas obras nin o tipo de obra que se vai realizar. Tampouco fan referencia a se afectará a todas as vivendas ou soamente a algunhas, se van ser obras na fachada ou na calefacción. Hai demasiados interrogantes que non teñen resposta.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cre o Goberno galego que a obras previstas polo Goberno galego nas comunidades de propietarios VPP das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido, resolverán todos os problemas manifestados polos veciños?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/02/2018 10:06:48

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 10:06:57

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na Comisión 3ª desenvolvida o 9 de xuño de 2017, aprobouse unha proposición non de lei presentada por este grupo parlamentario, na que se propoñía unha serie de accións encamiñadas a evitar a actuación das mafias que trafican con pisos baleiros.

Os ditos acordos foron:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1ª) Elabore un Plan especial de seguridade contras as mafias que trafican con pisos baleiros, impulsando neste marco acordos coas corporacións locais para incorporar a Policía Local ás labores de vixilancia no ámbito das súas competencias e en cooperación coa Garda Civil e a Policía Nacional; mellorando os niveis de prevención, reforzando as labores de investigación e potenciando as labores de captación de información e de elaboración de intelixencia específica. Deben atenderse en primeiro termo cando se trate de persoas vulnerables ás necesidades de quen as ocupa de maneira efectiva, así como a outras persoas directamente afectadas.

2ª) Promova unha reforma da Lei de axuizamento civil e as reformas normativas precisas para exixir que, sempre que se notifique unha resolución coa fixación da data de lanzamento ou desafiuzamento de primeira vivenda, daráselle traslado da dita resolución aos servizos sociais competentes por razón do territorio.

Rematado o período de sesións, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Grupo Parlamentario

En que fase se atopa a elaboración do plan especial de seguridade contra as mafias con pisos baleiros?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/02/2018 10:16:41

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/02/2018 10:16:48

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia alberga cantidade de explotacións de leite e carne nas que conviven con vacas e tenreiros un pequeno número de ovellas e cabras como complemento á actividade principal ou que simplemente teñen estes animais para que aproveiten os pastos sobrantes durante o outono e o inverno.

Na nosa Comunidade, entre o despoboamento do rural e o gran número de explotacións gandeiras que levan pechado nos últimos anos (359 dende xaneiro ata outubro do 2017, segundo datos do MAPAMA), a ovella e a cabra galega son dúas razas autóctonas óptimas para as explotacións en réximes extensivos ou semi-extensivos, cunha grande resistencia á enfermidade; o que as converte en excelentes para o coidado do monte, permitindo por un lado transformar o exceso de matogueira en carne de calidade, fixando poboación, e diminuindo o risco de incendios.

Por iso os deputados que asinan preguntan o Goberno galego:

Ten previsto levar a cabo algún tipo de medida para apoiar e fomentar a actividade ovina e caprina en Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/02/2018 10:35:05

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/02/2018 10:35:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25070
Data envío: 05/02/2018 11:11:31.696

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

1. O radon é un gas radioactivo que se atopa en solos, rochas e auga. É un gas incoloro, inodoro e insípido que provén da desintegración nuclear do radio (de aí lle ven o seu nome); é un elemento cunha presenza importante en toda a codia terrestre e nomeadamente en solos graníticos coma o galego. O radon é a maior fonte de exposición humana á radioactividade natural; entra nas edificacións principalmente a través das fendas na cimentación, polas paredes, tubaxes, e mesmo por difusión a través de cerramentos en contacto co chan. As medidas máis efectivas e económicas para previr a acumulación de radon son as que se toman na fase de construción, illando o subsolo ou deixando cámaras de aire que canalicen as filtracións de radon ao exterior. Para edificios xa construídos, ou se a zona é de alto risco, compre garantir unha boa ventilación, e se a aireación tradicional non é suficiente, cómpren outras solucións como a extracción forzosa e canalización do aire ou a impermeabilización de chans e paredes.

2. Estudos realizados en todo o mundo -e tamén en Galiza- mostran que as persoas expostas de xeito continuado a niveis elevados deste gas teñen un maior risco de desenvolver cancro de pulmón. A OMS considera que a exposición a gas radon é responsábel de até o 14% das mortes por cancro de pulmón (a segunda causa de morte tras do tabaco). Tamén considera que o Radon é un grave problema para a saúde e por



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25070
Data envío: 05/02/2018 11:11:31.696

iso insta a todos os países a protexer e concienciar á poboación sobre os seus prexuízos, mesmo propón que se inclúa a protección contra os efectos negativos do Radon na lexislación sobre vivenda, aconsellando reducir a presenza do Radon nas mesmas a niveis inferiores a 100 Bq/m³.

3. Nos estudos realizados no Estado español Galiza está considerada como unha das zonas con maior irradiación de radon, un gas presente nos solos graníticos fracturados e que pasa a sotos e vivendas. A Comisión Europea elaborou xa no ano 1997 unhas recomendacións nas que instaba aos gobernos a establecer un sistema axeitado de medición e a necesidade de emprender medidas correctoras cando a concentración de radon fose superior a 200 Bq/m³ en vivendas e 800 Bq/m³ en edificios públicos e lugares de traballo.

4. Na lexislación española as Normas do Hábitat establecidas no 2007 polo BNG no goberno da Xunta facían referencia directa ao radon e á necesidade de illamento nas construcións como medida preventiva. Lamentabelmente esta norma foi derogada polo goberno do sr. Feijóo sen ningunha medida alternativa. Lamentabelmente tamén, despois de preto de 30 anos transcorridos desde que a Comisión Internacional de Protección Radiolóxica recomendara establecer as medidas oportunas para limitar toda exposición a elevadas concentración do radon no interior dos edificios, pouco se fixo para establecer medidas prácticas que protexesen a saúde das persoas contra o gas radon.

5. En xaneiro de 2012, o BOE publicou a Instrución IS-33 do Consello de Seguridade Nuclear, sobre criterios para a protección fronte á radiación natural. Esta instrución establece nos 600 Bq/m³ (becquerelios por metro cúbico de aire no interior) de concentración media anual de radon durante a xornada laboral o limiar por riba do cal é obrigatorio activar a protección para os traballadores e traballadoras. Así e todo,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25070
Data envío: 05/02/2018 11:11:31.696

nos centros de traballo con alta permanencia do público (hospitais, centros educativos, cárceres...) o nivel establécese nos 300 Bq/m³. A instrución establece a realización de medicións nos lugares de traballo en áreas identificadas polos seus valores elevados de radon.

A Unión Europea estableceu o 6 de febreiro de 2018 como data límite para a aplicación da directiva europea 2013/59/EURATOM, en vigor desde 2014. Esta normativa establece nos 300Bq/m³ o limiar de referencia para as concentracións de radon en espazos pechados nos lugares de traballo e obriga a realizar medicións en zonas de elevadas concentracións deste gas radiactivo. A citada norma tamén establece a obriga de aprobar un Plan Estatal de acción para o radon.

Cómpre ter en conta que segundo numerosas persoas expertas, o limiar establecido pola UE é bastante alto para marcar o punto a partir do cal hai que actuar. A OMS fixou en 2009 o límite nos 100 Bq/m³ e desde 1998 a Axencia de Protección Ambiental fixou 148 Bq/m³ como nivel de referencia.

Estamos polo tanto ante un grave problema de saúde pública, ante o que hai que actuar con medidas normativas, de información, prevención e protección da poboación, especialmente naquelas zonas máis expostas á acción deste gas altamente perigoso.

Polo anteriormente exposto fórmase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza desenvolver un Plan de protección contra o radon nas vivendas e nos centros de traballo, procurando a implicación de todas as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25070
Data envío: 05/02/2018 11:11:31.696

administracións e contando co asesoramento dos centros universitarios especializados
nesta materia?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2018 11:04:04

María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2018 11:04:10

Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2018 11:04:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2018 11:04:15



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25070
Data envío: 05/02/2018 11:11:31.696

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2018 11:04:17

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2018 11:04:18

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a derogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 2 de marzo de 2012 publicábase no DOG a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei, que é a primeira medida do 2012 con respecto á crise tomada polo goberno do PP na Xunta, atacou directamente os dereitos laborais e económicos conseguidos polas traballadoras e os traballadores públicos durante anos de negociacións colectivas e acordos entre sindicatos e gobernos, acordos alcanzados entre todos os implicados que o PP viu a liquidar coa implantación dunha lei.

Coa publicación desta lei o que o PP fixo foi cargar sobre os traballadores e as traballadoras do sector público todo o peso dunha crise financeira provocada por outros, xa que era a maneira máis doada, rápida e sinxela ao seu alcance, procedendo ditatorialmente a través de un Decreto sen consensuar contando co único apoio do propio Partido Popular. En lugar de tomar medidas urxentes fronte á corrupción institucionalizada, fronte ás prácticas ilegais do sector da banca, fronte ás portas xiratorias ou fronte a privilexios cos que os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia contan (como contar con parte dos ingresos libres de impostos), o Partido Popular optou por aplicar recortes nos dereitos dos traballadores e as traballadoras públicas mediante esta lei, recortes nos dereitos adquiridos dos propio traballador ou traballadora que, obviamente, non só afecta ao traballador ou traballadora senón que afecta en primeira instancia á súa



unidade familiar e, por suposto, ao servizo público en si, polo que é unha medida de recorte que afecta directamente a toda a cidadanía galega.

Concretamente, esta lei contempla, entre outras medidas, a práctica eliminación do Fondo de Acción Social, a suspensión do complemento ás prestacións da seguridade social en situación de incapacidade temporal, e a suspensión dos artigos 19, 29, 34.2 do Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, medidas que deben de suprimirse canto antes e restituír os dereitos laborais e económicos alcanzados antes da crise para poder contribuír coa recuperación da estabilidade perdida.

Con respecto a esta recuperación necesaria, as medidas recollidas nesta lei están suxeitas a unha temporalidade marcada na exposición de motivos, xa que as define como “medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal” e supedita a súa vixencia”...á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas.”. Ademais, na disposición final única vincula a súa revisión, en un prazo de dous anos, á mellora en Galicia do Produto Interior Bruto real e da evolución positiva do Aforro Primario dos orzamentos.

Analizada esta situación pormenorizadamente pola CSIF Galicia e comparando os datos obtidos, obsérvase que as circunstancias da vixencia da Lei 1/2012, de 29 de Febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia xa non se dan, pois existe unha clara previsión alcista para o presente ano e os vindeiros.

É por isto que a medida tomada nesta lei con respecto á eliminación case total das axudas en concepto de acción social denominadas Fondo social, que alcanzan os 7.000.000€/ano, debe derrogarse e proceder, dende o goberno da Xunta, a restituír a partida orzamentaria necesaria para cubrir esta eiva.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para ao seu debate en Pleno:



- Cando ten previsto o Goberno restituír o total do Fondo Social, acordado mediante negociación colectiva, eliminado coa entrada en vigor da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia ?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luis Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 05/02/2018 11:53:26

Luis Villares Naveira na data 05/02/2018 11:53:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, sobre a derogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 2 de marzo de 2012 publicábase no DOG a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei, que é a primeira medida do 2012 con respecto á crise tomada polo goberno do PP na Xunta, atacou directamente os dereitos laborais e económicos conseguidos polas traballadoras e os traballadores públicos durante anos de negociacións colectivas e acordos entre sindicatos e gobernos, acordos alcanzados entre todos os implicados que o PP viu a liquidar coa implantación dunha lei.

Coa publicación desta lei o que o PP fixo foi cargar sobre os traballadores e as traballadoras do sector público todo o peso dunha crise financeira provocada por outros, xa que era a maneira máis doada, rápida e sinxela ao seu alcance, procedendo ditatorialmente a través de un Decreto sen consensuar contando co único apoio do propio Partido Popular. En lugar de tomar medidas urxentes fronte á corrupción institucionalizada, fronte ás prácticas ilegais do sector da banca, fronte ás portas xiratorias ou fronte a privilexios cos que os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia contan (como contar con parte dos ingresos libres de impostos), o Partido Popular optou por aplicar recortes nos dereitos dos traballadores e as traballadoras públicas mediante esta lei, recortes nos dereitos adquiridos dos propio traballador ou traballadora que, obviamente, non só afecta ao traballador ou traballadora senón que afecta en primeira instancia á súa



unidade familiar e, por suposto, ao servizo público en si, polo que é unha medida de recorte que afecta directamente a toda a cidadanía galega.

Concretamente, esta lei contempla, entre outras medidas, a práctica eliminación do Fondo de Acción Social, a suspensión do complemento ás prestacións da seguridade social en situación de incapacidade temporal, e a suspensión dos artigos 19, 29, 34.2 do Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, medidas que deben de suprimirse canto antes e restituír os dereitos laborais e económicos alcanzados antes da crise para poder contribuír coa recuperación da estabilidade perdida.

Con respecto a esta recuperación necesaria, as medidas recollidas nesta lei están suxeitas a unha temporalidade marcada na exposición de motivos, xa que as define como “medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal” e supedita a súa vixencia”...á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas.”. Ademais, na disposición final única vincula a súa revisión, en un prazo de dous anos, á mellora en Galicia do Produto Interior Bruto real e da evolución positiva do Aforro Primario dos orzamentos.

Analizada esta situación pormenorizadamente pola CSIF Galicia e comparando os datos obtidos, obsérvase que as circunstancias da vixencia da Lei 1/2012, de 29 de Febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia xa non se dan, pois existe unha clara previsión alcista para o presente ano e os vindeiros.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para ao seu debate en Pleno:

- Cando ten previsto o Goberno derrogar a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia?



Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luis Villares Naveira

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 05/02/2018 12:07:14

Luis Villares Naveira na data 05/02/2018 12:07:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, sobre a derogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 2 de marzo de 2012 publicábase no DOG a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei, que é a primeira medida do 2012 con respecto á crise tomada polo goberno do PP na Xunta, atacou directamente os dereitos laborais e económicos conseguidos polas traballadoras e os traballadores públicos durante anos de negociacións colectivas e acordos entre sindicatos e gobernos, acordos alcanzados entre todos os implicados que o PP viu a liquidar coa implantación dunha lei.

Coa publicación desta lei o que o PP fixo foi cargar sobre os traballadores e as traballadoras do sector público todo o peso dunha crise financeira provocada por outros, xa que era a maneira máis doada, rápida e sinxela ao seu alcance, procedendo ditatorialmente a través de un Decreto sen consensuar contando co único apoio do propio Partido Popular. En lugar de tomar medidas urxentes fronte á corrupción institucionalizada, fronte ás prácticas ilegais do sector da banca, fronte ás portas xiratorias ou fronte a privilexios cos que os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia contan (como contar con parte dos ingresos libres de impostos), o Partido Popular optou por aplicar recortes nos dereitos dos traballadores e as traballadoras públicas mediante esta lei, recortes nos dereitos adquiridos dos propio traballador ou traballadora que, obviamente, non só afecta



ao traballador ou traballadora senón que afecta en primeira instancia á súa unidade familiar e, por suposto, ao servizo público en si, polo que é unha medida de recorte que afecta directamente a toda a cidadanía galega.

Concretamente, esta lei contempla, entre outras medidas, a práctica eliminación do Fondo de Acción Social, a suspensión do complemento ás prestacións da seguridade social en situación de incapacidade temporal, e a suspensión dos artigos 19, 29, 34.2 do Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, medidas que deben de suprimirse canto antes e restituír os dereitos laborais e económicos alcanzados antes da crise para poder contribuír coa recuperación da estabilidade perdida.

Con respecto a esta recuperación necesaria, as medidas recollidas nesta lei están suxeitas a unha temporalidade marcada na exposición de motivos, xa que as define como “medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal” e supedita a súa vixencia”...á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas.”. Ademais, na disposición final única vincula a súa revisión, en un prazo de dous anos, á mellora en Galicia do Produto Interior Bruto real e da evolución positiva do Aforro Primario dos orzamentos.

Analizada esta situación pormenorizadamente pola CSIF Galicia e comparando os datos obtidos, obsérvase que as circunstancias da vixencia da Lei 1/2012, de 29 de Febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia xa non se dan, pois existe unha clara previsión alcista para o presente ano e os vindeiros.

É por isto que a medida tomada nesta lei con respecto á suspensión dos artigos 19,29 e 34.2 do V Convenio Colectivo, así como do 3.2.8. do Acordo do SPDCIF (Suspensión días de descanso do traballador por traballar en domingos ou festivos, suspensión do dereito a comedor, suspensión da gratificación por



xubilación, suspensión da garantía do dereito a un descanso semanal de dous días semanas ininterrompidos) debe derrogarse e restituír os dereitos adquiridos en negociación colectiva polos traballadores e traballadoras do sector público.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para ao seu debate en Pleno:

- Cando ten previsto o Goberno restituír os artigos 19, 29 e 34.2 do V Convenio Colectivo, así como o 3.2.8. do Acordo do SPDCIF, eliminados coa entrada en vigor da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia ?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luis Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2018 18:01:18



Luis Villares Naveira na data 01/02/2018 18:01:25

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os contratos programa arrancaron hai seis anos como instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan levar a cabo un plan de mellora específico en función das necesidades detectadas entre o seu alumnado.

Na convocatoria deste ano incorporouse unha nova liña de actuación (a sétima) exclusiva para o alumnado de 3º e 4º de ESO e de FP Básica que presenta baixos resultados académicos co fin de reforzar, preferentemente, as competencias matemática, lingüística e en ciencia e tecnoloxía.

A finalidade última destes contratos-programa é acadar unha mellora da calidade do ensino para reducir a porcentaxe de alumnado con baixo rendemento. Para iso, cada centro docente analiza as súas eivas e fortalezas e propón á Administración educativa a sinatura dun documento, 'o contrato-programa', no que se propoñen actuacións para a mellora do alumnado. Deste xeito, a actuación funciona como un exercicio de autonomía dos centros, posibilitando que deseñen os seus propios plans de mellora en base ás súas necesidades particulares.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da convocatoria de Contratos-Programa de apoio aós centros educativos para o curso 2017/2018?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 05/02/2018 13:59:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Teresa Egerique Mosquera na data 05/02/2018 13:59:05

Maria Antón Vilasánchez na data 05/02/2018 13:59:15

Carlos Gómez Salgado na data 05/02/2018 13:59:22

Carlos Enrique López Crespo na data 05/02/2018 13:59:31

Antonio Mouriño Villar na data 05/02/2018 13:59:38

Moisés Rodríguez Pérez na data 05/02/2018 13:59:47

Martín Fernández Prado na data 05/02/2018 13:59:55

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortalidade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense soamente está dispoñible en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres, o que provoca centos de traslados ao complexo hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago de Compostela, o que supón dende o punto de vista do grupo socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera necesario a Xunta de Galicia ampliar o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela

 Grupo Parlamentario

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:19:41

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 14:19:46

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:19:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na pleno.**

O 26 de outubro de 2015, tivo lugar a sinatura entre o Ministro de Interior e a Xunta de Galicia, dun Protocolo en Materia de Violencia de Xénero para a coordinación de actuacións e a cooperación entre a Xefatura Superior de Policía de Galicia e a Unidade do CNP Adscrita á Comunidade Autónoma (UPA) .

No marco deste acordo, unha vez superado un curso específico e as correspondentes prácticas nas Comisarías de Policía respectivas, creáronse dentro da Unidade Adscrita, as Unidades de Prevención, Asistencia e Protección ás vítimas de violencia de xénero (UPAP s), con funcións idénticas ás das “*Unidades de Familia y Mujer*” (UFAM-Protección) das Comisarías da Policía Nacional.

Deste xeito, a partires do mes de setembro de 2016, o persoal da UPA, integrado nas citadas unidades, comeza facerse cargo das mulleres protexidas, asignadas desde as Comisarías de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Polo exposto, os deputados e deputadas, formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

-Que balance fai o Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/02/2018 14:15:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Paula Prado Del Río na data 05/02/2018 14:15:11

María Isabel Novo Fariña na data 05/02/2018 14:15:24

César Manuel Fernández Gil na data 05/02/2018 14:15:35

Antonio Mouriño Villar na data 05/02/2018 14:15:42

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2018 14:15:54

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/02/2018 14:16:05

Jacobo Moreira Ferro na data 05/02/2018 14:16:27

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os datos da enquisa de poboación activa (EPA) correspondentes ao último trimestre do exercicio, evidencian un freo no ritmo de creación de emprego entre outubro e decembro de 2017, cun incremento de desempregados a respecto do anterior trimestre, todo elo a pesares de que a poboación activa tamén descendeu ata niveis do ano 2003, un descenso que se concentra fundamentalmente entre os máis novos a consecuencia da falta de nacementos e da emigración. Segundo os datos publicados, diminuíu tamén a ocupación (un 1,56 % menos que de xullo a setembro), e incrementaron os fogares con todos os seus membros en situación de desemprego.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución dos datos da EPA na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:21:07

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:21:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu artigo 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu Título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a *Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*, aborda no Capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007 de 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

A precariedade e os baixos salarios que veñen caracterizando ao mercado laboral nestes últimos anos teñen a súa máxima expresión nas mulleres. Entre 2014 e 2016, a fenda salarial creceu en Galicia ata os 4.513 euros, debido ao incremento da precariedade que afecta principalmente ás mulleres, que copan segundo datos da EPA o 77 % das xornadas parciais en Galicia, ao que hai que engadir a maior dificultade para encontrar emprego.

A discriminación salarial afecta a todos os sectores, aínda que non na mesma proporción. Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca encabezan a desigualdade na remuneración por sexos, onde o salario é de media un 30,3 % máis alto que o das mulleres. Segundo os datos que se reflicten do último informe de inserción laboral dos titulados da

 Grupo Parlamentario

comunidade autónoma elaborado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, coa mesma preparación tres anos despois de concluír os seus estudos de especialización, os homes cobran 228 euros máis que as mulleres.

A ausencia de concienciación e implicación en canto á aplicación de medidas preventivas nos centros de traballo, supuxeron sempre unha materia pendente, situación que se foi deteriorando nos últimos anos como consecuencia da crise económica, sendo a prevención xunto co emprego, as primeiras medidas de aforro que poñen en marcha os empresarios. Sen ánimo de ser pesimistas e asumindo que os avances foron moi importantes, a realidade é que na maioría das empresas, realízanse avaliacións de riscos xenéricas sen entrar na avaliación dos postos de traballo e moito menos, en avaliar de maneira específica, as repercusións que determinadas substancias, tarefas, xornada, procedementos, etc. poden ter na saúde da nai xestante ou no fillo/a.

Debe ser prioritaria a posta en marcha de medidas preventivas, ben eliminando os riscos ou ben realizando o cambio de posto ou funcións, por dúas razóns: en primeiro lugar polo dereito fundamental de protexer a saúde e seguridade da nai e/ou o fillo/a e en segundo lugar, para non dar lugar innecesariamente a prestacións que se pagan coas cotas de todos os/as afiliados/as ao sistema, cando esta é unha cuestión que corresponde ao empresario abordar e solucionar. A realidade é que en numerosas empresas non se aplica ou se aplica moi deficientemente o contido íntegro do artigo 26 da LPRL, se se controlasen de forma eficaz que todas as empresas teñan as avaliacións realizadas e especificados os postos de traballo exentos de risco para as situacións de embarazo e lactación, estaría moito máis protexida a muller embarazada e a súa descendencia e evitaríase a controversia nos xulgados.

O convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT), sobre a equiparación do traballo doméstico, que foi asinado en 2011 e xa foi ratificado por 23 países, entrou en vigor o pasado 5 de setembro de 2013, estendendo os dereitos laborais fundamentais aos e as traballadoras domésticas de todo o mundo.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 8 de maio de 2013 na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados, aprobouse por unanimidade unha emenda transaccional á Proposición non de lei sobre ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201 sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos, compromiso a pesares do cal o Goberno de España aínda non levou a ratificación ao Congreso, deixando aos traballadores e traballadoras do fogar en condicións de desigualdade con respecto ao resto de sectores.

Durante este tempo, a indiferenza e o desinterese por parte das institucións xunto coa reforma laboral, favoreceron o retroceso dos dereitos laborais e impediron sistematicamente a súa extensión nun sector totalmente precarizado, sen a protección e a cobertura social que teñen outras actividades económicas, e con taxas moi elevadas de economía mergullada. Do elevado número de altas na Seguridade Social das empregadas do fogar rexistrado en 2012 coa Lei de regularización do servizo doméstico, entón incorporáronse 7.170 traballadoras, pasouse a un arrefriado das afiliacións.

Dende o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como ten previsto a Xunta de Galicia reducir a fenda salarial existente en Galicia entre homes e mulleres?

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:23:34

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 14:23:39

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:23:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu artigo 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu Título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a *Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*, aborda no Capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007 de 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

A precariedade e os baixos salarios que veñen caracterizando ao mercado laboral nestes últimos anos teñen a súa máxima expresión nas mulleres. Entre 2014 e 2016, a fenda salarial creceu en Galicia ata os 4.513 euros, debido ao incremento da precariedade que afecta principalmente ás mulleres, que copan segundo datos da EPA o 77 % das xornadas parciais en Galicia, ao que hai que engadir a maior dificultade para encontrar emprego.

A discriminación salarial afecta a todos os sectores, aínda que non na mesma proporción. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca encabezan a desigualdade na remuneración por sexos, onde o salario é de media un 30,3 % máis alto que o das mulleres. Segundo os datos que

se reflicten do último informe de inserción laboral dos titulados da comunidade autónoma elaborado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, coa mesma preparación tres anos despois de concluír os seus estudos de especialización, os homes cobran 228 euros máis que as mulleres.

A ausencia de concienciación e implicación en canto á aplicación de medidas preventivas nos centros de traballo, supuxeron sempre unha materia pendente, situación que se foi deteriorando nos últimos anos como consecuencia da crise económica, sendo a prevención xunto co emprego, as primeiras medidas de aforro que poñen en marcha os empresarios. Sen ánimo de ser pesimistas e asumindo que os avances foron moi importantes, a realidade é que na maioría das empresas, realízanse avaliacións de riscos xenéricas sen entrar na avaliación dos postos de traballo e moito menos, en avaliar de maneira específica, as repercusións que determinadas substancias, tarefas, xornada, procedementos, etc. poden ter na saúde da nai xestante ou no fillo/a.

Debe ser prioritaria a posta en marcha de medidas preventivas, ben eliminando os riscos ou ben realizando o cambio de posto ou funcións, por dúas razóns: en primeiro lugar polo dereito fundamental de protexer a saúde e seguridade da nai e/ou o fillo/a e en segundo lugar, para non dar lugar innecesariamente a prestacións que se pagan coas cotas de todos os/as afiliados/as ao sistema, cando esta é unha cuestión que corresponde ao empresario abordar e solucionar. A realidade é que en numerosas empresas non se aplica ou se aplica moi deficientemente o contido íntegro do artigo 26 da LPRL, se se controlasen de forma eficaz que todas as empresas teñan as avaliacións realizadas e especificados os postos de traballo exentos de risco para as situacións de embarazo e lactación, estaría moito máis protexida a muller embarazada e a súa descendencia e evitárase a controversia nos xulgados.

O convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT), sobre a equiparación do traballo doméstico, que foi asinado en 2011 e xa foi ratificado por 23 países, entrou en vigor o pasado 5 de setembro de 2013, estendendo os dereitos laborais fundamentais aos e as traballadoras domésticas de todo o mundo.

O pasado 8 de maio de 2013 na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados, aprobouse por unanimidade unha emenda transaccional á Proposición non de lei sobre ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201 sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos, compromiso a pesares do cal o Goberno de España aínda non levou a ratificación ao Congreso, deixando aos traballadores e traballadoras do fogar en condicións de desigualdade con respecto ao resto de sectores.

Durante este tempo, a indiferenza e o desinterese por parte das institucións xunto coa reforma laboral, favoreceron o retroceso dos dereitos laborais e impediron sistematicamente a súa extensión nun sector totalmente precarizado, sen a protección e a cobertura social que teñen outras actividades económicas, e con taxas moi elevadas de economía mergullada. Do elevado número de altas na Seguridade Social das empregadas do fogar rexistrado en 2012 coa Lei de regularización do servizo doméstico, entón incorporáronse 7.170 traballadoras, pasouse a un arrefriado das afiliacións.

Dende o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da implantación na nosa comunidade autónoma da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia?

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:27:41

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 14:27:46

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:27:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo ferroviario de viaxeiros entre a comarca do Ribeiro e Ourense, que xestiona Renfe, suprimiu a maioría dos servizos de tren que tradicionalmente se viñan prestando, resultando os existentes na actualidade, inadecuados e pouco útiles para as necesidades de mobilidade dos veciños e veciñas que se desprazan a Ourense a traballar, estudar, xestionar asuntos nas diferentes administracións...

Na actualidade o horario dos trens que fan este percorrido é o seguinte:

Tren 12604.- Ribadavia 8:35 à Ourense (8:55h).

Tren 12608.- Ribadavia 16:13 à Ourense (16:34)h.

Tren 12601.- Ourense 12:08 à Ribadavia (12:28)h

Tren 12605.- Ourense 21:00 à Ribadavia (21:19)h

Hai ter en conta que a viaxe Ribadavia-Ourense é un traxecto de 20 minutos de duración, e o billete ida e volta ten un prezo de 5 €, o que debera facer posible organizar viaxes que comuniquen aos 20.000 veciños e veciñas da comarca do Ribeiro coa capitalidade da provincia de forma rápida, económica, e nun medio ecolóxico aproveitando unha infraestrutura existente, que non require inversións e permite aproveitar e rendibilizar recursos materiais e humanos.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do servizo ferroviario que se está a prestar entre Ribadavia e Ourense?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:29:28

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 14:29:33

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 14:29:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2018 14:29:42

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Hai menos dunha semana, ocorría un incendio nunha nave auxiliar da empresa de residuos que antes era Sogarisa, S.A. en As Somozas (A Coruña). O lume calcinou unha instalación duns 3000 metros cadrados na que se almacenaban centos de depósitos con produtos químicos inflamables e outros residuos e, segundo fontes da propia Xunta de Galicia, as causas do incendio estanse investigando.

Dicimos que antes era Sogarisa porque a xestión do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG) corresponde dende finais de decembro de 2016 á UTE de empresas “PMA-Conteco” (tamén accionistas da antiga Sogarisa), pero a titularidade do CTRIG e das súas instalacións segue a ser da Xunta de Galicia. Cando no ano 1995 comezaba a súa andaina, Sogarisa era un referente na xestión de residuos en España, obtiña potentes beneficios e a propia Xunta de Galicia era tamén accionista.

No ano 2016, a Xunta de Galicia decidiu desfacerse do seu 10 % de accionariado e cesar a Sogarisa na súa actividade de explotación do CTRIG, comezando un proceso de licitación de adxudicación da xestión do centro proceso ao que, curiosamente, só se presentou unha empresa, a UTE de empresas “PMA-Conteco”. A partires de entón, comezaron a pasar cousas “raras”: O mesmo día da apertura da plica foi denunciada a adxudicación por presuntas irregularidades nos residuos, dando lugar a unha inspección da que nunca máis se soubo. Tan pronto comezou a súa actividade cos novos socios, dobrouse a entrada de residuos. A comezos de decembro de 2017, os novos responsables da empresa comunicaron un informe da consultora “HINTD” relativo á necesidade de reorganización dos recursos e de redución da dimensión do cadro de persoal (un ERE por motivos organizativos en virtude do que se prescindía de 13 traballadores). E, a finais dese mes de

 Grupo Parlamentario

decembro de 2017, comunicaron o novo convenio colectivo polo que se rexe a empresa, o de Residuos e non o de Actividades Químicas anterior (moito máis beneficioso para os traballadores).

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron os motivos polos que o Goberno galego decidiu desfacerse do seu 10 % de accionariado en Sogarisa na súa actividade de explotación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2018 16:04:18

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/02/2018 16:04:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/02/2018 16:04:29

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 16:04:34

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 16:04:41

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Alá polo mes de maio de 2017, un Consello da Xunta de Galicia aprobaba o inicio da tramitación do Decreto de creación do Observatorio dos ríos de Galicia, decreto que xa está en vigor.

A creación dun Observatorio dos ríos de Galicia podería significar un avance na conservación e posta en valor do patrimonio natural e cultural galego así como un mecanismo de avaliación sobre a calidade ambiental dos recursos hídricos, mais este grupo parlamentario teme que non sexa ese o seu fin, pois da información facilitada polo Goberno galego xorden demasiadas cuestións:

1. A aparente falla de transparencia e de horizontalidade no funcionamento do novo organismo.
2. Nada di o decreto da financiación deste organismo nin da súa estrutura de persoal.
3. Descoñécese como vai encaixar o Observatorio no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
4. No Decreto fálase de funcións de educación ambiental, mais non hai institucións educativas na súa composición máis alá da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
5. Respecto das entidades ecoloxistas, hai demasiadas restricións.
6. O concepto de participación da “cidadanía en xeral” é demasiado ambiguo.
7. Por último, non desprende o decreto o interese real do Goberno galego por informar, educar, e implicar aos usuarios na planificación hidrolóxica.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como vai encaixar o Goberno galego o Observatorio dos ríos de Galicia no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2018 16:01:39

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 16:01:45

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 16:01:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Na última visita ao CHUO, informábanos a Comisión de Centros das mobilizacións previstas por parte das traballadoras e traballadores da empresa FERROVIAL que presta servizos tanto de limpeza como de mantemento para o CHUO.

Denunciaban unha situación de precariedade absoluta e vulneración do Convenio Colectivo, cunha falta total de efectivos humanos e materias nun contexto de incremento da carga de traballo, agudizada pola ampliación do propio hospital. Pese a dita ampliación, nin a empresa nin a Xunta de Galicia mostraron interese algún sobre a necesidade de incremento de persoal polo debido aumento do espazo. Denunciando que no caso da limpeza, están a recibir a orde de “limpar de pasada”.

O persoal do servizo de mantemento, denuncia tamén que non se están a pagar os festivos e fin de semana así como o plus de perigosidade, causando un agravio comparativo respecto do persoal de outros centros da provincia xestionados pola mesma empresa.

Unha vez máis, cando se trata da defensa dos servizos públicos e os dereitos de traballadoras e traballadores, o Goberno do Partido Popular mantense pasivo ante unha situación que xa pasou de mobilización a folga.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:



- Considera a Xunta de Galicia que se están a respectar os dereitos das traballadoras e traballadores da empresa FERROVIAL que prestan servizos de mantemento e limpeza para o CHUO?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/02/2018 17:03:38

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Telexornal Mediodía Fin de Semana da TVG do día 4 de febreiro de 2018, día no que tivo lugar en Santiago de Compostela unha manifestación contra as reformas da Lei de sanidade, iniciouse ás 14:33.

Pese a ser a nova política máis destacada da comunidade autónoma, a secuencia das noticias foi a seguinte:

1. Relacionadas co temporal de 14:33 a 14:42 (9 minutos).
2. Relacionadas coa homenaxe a Diana Quer e a posición do Sr. presidente do Goberno de España e o Partido Popular de 14:43 a 14:47 (6 minutos)
3. Sobre a situación en Cataluña de 14:49 a 14:52 (3 minutos)
4. Sobre a manifestación contra as reformas da Lei de sanidade de 14:52 a 14:54 (2 minutos)
5. Declaracións do director xeral de Asistencia Sanitaria sobre a mobilización social en contra da reforma de Lei de sanidade.

Ten especial relevancia que nos dous minutos que se lle dedicaron á manifestación de Santiago deuse conta dela e entrevistaron a catro persoas.

Semella que para os responsables dos servizos informativos, unha manifestación á que acudiron milleiros de persoas resulta menos importante que a situación de Cataluña, dado que, como é obvio, ten moita maior repercusión sobre a vida da poboación galega o Goberno de Cataluña que a atención sanitaria que reciben por parte do Sergas.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que a cobertura informativa que se lle deu á manifestación á que se fai referencia foi correcta?



 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/02/2018 12:01:45

Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2018 12:01:51

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 2.1. da Lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galicia.

Unha competencia exclusiva que non exclúinte, toda vez que a propia Lei recoñece a necesidade de establecer canles de cooperación con outras administracións públicas, particularmente a Administración do Estado e os Concellos ao tempo que determina que a protección do patrimonio cultural debe ser unha peza clave nas políticas sectoriais de múltiples departamentos moi vinculados ou afectados polas competencias que desenvolven.

A protección do patrimonio cultural debe ser unha tarefa conxunta e unha sensibilidade compartida, porque só desde a acción conxunta público-privada podemos acadar unha valorización do noso patrimonio que nos permita legar ás xeracións futuras.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o principal organismo impulsor da incoación de expedientes para a declaración de Bens de Interese Patrimonial.

Non é sinxelo artellar un expediente para a declaración dun BIC porque, normalmente, necesita de información precisa, de diferentes ámbitos académicos e de investigación para poder subliñar o carácter singular que ratifique, xustifique e motive o porqué da declaración.

Unha declaración que terá consecuencias no ámbito xurídico e, polo tanto, tamén debe ofrecer seguridade xurídica na súa incoación.

Entre as liñas de traballo da Consellería, está precisamente, a incoación de expedientes para a declaración de BIC de manifestacións do noso patrimonio tanto inmoables como mobles ou inmateriais.

Neste sentido, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cantos procedementos de declaración de bens de interese cultural iniciou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desde 2010?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 06/02/2018 13:25:58

César Manuel Fernández Gil na data 06/02/2018 13:26:06

Teresa Egerique Mosquera na data 06/02/2018 13:26:13

Carlos Gómez Salgado na data 06/02/2018 13:26:23

Carlos Enrique López Crespo na data 06/02/2018 13:26:30

Antonio Mouriño Villar na data 06/02/2018 13:26:37

Moisés Rodríguez Pérez na data 06/02/2018 13:26:44

Martín Fernández Prado na data 06/02/2018 13:26:52

A MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e **Paula Quinteiro Araújo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre o atraso nos pagos das axudas da PAC.

A Política Agrícola Común supón unha das claves para a financiación do medio rural galego. Cunha dotación anual de preto de 400 millóns de euros asignados a Galicia, que a Xunta ten a obriga de xestionar se queren que os fondos cheguen ao medio rural galego, estrutúrase a través de dous fondos: Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

En relación co FEAGA, trátase de 170 millóns de euros anuais, financiados ao 100% pola Unión Europea e que contribúen fundamentalmente a paliar a diferenza entre a renda no ámbito urbano e a renda no ámbito rural.

A campaña comeza no mes de febreiro mediante a aprobación da denominada como Orde da PAC. No ano 2017, dende a Consellería de Medio Rural, prometíanse moi felices cos cambios anunciados pola Conselleira, o anunciar que ían incrementarse os fondos e os beneficiarios en máis de 2.000 respecto ao ano anterior.

O calendario de pagos comeza oficialmente o 16 de outubro, co denominado como anticipo da Política Agrícola Común. A posibilidade de anticipar o 70% das axudas da PAC entre o 16 de outubro e o 30 de novembro.



Pois ben, o pasado ano 2017, Galiza foi das últimas en pagar e pagou 20 millóns de euros menos que o ano anterior, é dicir, perdeuse pola xestión da Consellería do Medio Rural en 2017: 20.781.410.85 euros do anticipo da PAC. Isto é, en Galiza pagouse nas últimas dúas semanas posibles, podendo haber pagado desde o 16 de outubro.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal foi o motivo polo que se atrasaron os pagos da PAC do ano 2017 ata a última data posible?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 06/02/2018 13:31:41

Paula Quinteiro Araújo na data 06/02/2018 13:31:55

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como xa vimos subliñando reiteradamente, os mecanismos de transparencia funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.

Como tamén lembramos en anteriores iniciativas, un destes aspectos que reforzarían a nosa calidade democrática é o nivel de información nas relacións do executivo co poder lexislativo.

O artigo 19.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano.

Actualmente, figura dispoñible no Portal de transparencia a información relativa unicamente aos acordos aprobados no Parlamento durante a IX Lexislatura e a X actual, pero rematado o ano 2017 non figura ningún informe sobre o grao de cumprimento destes acordos, ou polo menos non se pode acceder a esta información substancial en “<https://transparencia.xunta.gal/outras-organizacions/relacions-xunta-parlamento>”.

Ante esta situación, unha vez máis, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Ten previsto realmente o Goberno galego publicar no Portal de transparencia e goberno aberto o informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos aprobados polo Parlamento?

 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/02/2018 16:11:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/02/2018 16:12:04

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O mércores 17 de xaneiro de 2018 publicouse no DOG a Resolución do 15 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, dirixido a mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito do Programa operativo de emprego xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro).

Unhas axudas que se presentaron a final de ano, cando acostuman a resolverse no mes de setembro, dándolle ás organizacións apenas unhas semanas para formalizaren as contratacións ligadas a estas subvencións, polo que houbo entidades que non chegaron a tempo e tiveron que renunciar a algún dos postos.

Segundo confirmaron ao Grupo Socialista dende Down Galicia e as súas entidades asociadas, este ano deixarán de percibir 176.670 euros, unha redución moi importante que probablemente obrigará a prescindir de dez prazas de profesionais que viñan prestando servizos de inserción laboral, inclusión escolar, formación prelaboral, atención temperá ou de fomento da vida independente. En total, serán 658 persoas usuarias das entidades Down de Galicia as que verán mermada a calidade do servizo recibido, e que estenderá no tempo o seu proceso de inclusión social e laboral.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Porque reduciu o Goberno a concesión a Down Galicia e as súas entidades asociadas, da subvención para a contratación de traballadores de programas de cooperación?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2018 17:48:48

Julio Torrado Quintela na data 06/02/2018 17:48:53

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

A construción dos novos centros de saúde comprometidos polo Sr. Feijoo dende a súa chegada ao Goberno da Xunta de Galicia no ano 2009, é un dos mellores exemplos do fracaso, das mentiras, das trampas, da ocultación, e da privatización indiscriminada que caracteriza a xestión sanitaria levada a cabo baixo o seu mandato.

Pola contra, dende o Grupo Parlamentario Socialista sempre consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno foi mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de adquirir os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o Centro de Saúde de Ribadavia. A capital e a comarca do Ribeiro necesitan un novo centro de saúde para atender á poboación, tendo en conta os problemas estruturais que presenta o agora existente con 30 anos de antigüidade, aos que hai que engadir a súa localización a beiras do Avia, nunha zona inundable e con exceso de humidade.

A iniciativa de construír un centro de saúde noutra zona de Ribadavia partiu no ano 2007 do equipo de Goberno do Concello, e en setembro de 2008 producíase a cesión á Xunta de Galicia dunha parcela no Campo da Feira adquirida a particulares cun gasto aproximado de 30.000 euros. Ao mes seguinte, a Consellería de Sanidade licitaba a

 Grupo Parlamentario

redacción do proxecto, ascendendo o investimento calculado polos técnicos a 2.890.000 euros, para un edificio de dúas plantas e un total de 2.500 metros cadrados útiles. Aprobouse ademais por parte do Concello de Ribadavia unha modificación puntual da superficie, que antes era rústica e agora é dotacional, e como tal se contempla no futuro Plan Xeral de Ordenación.

Na actualidade a construción desta infraestrutura segue paralizada, e sen previsión de que comece a execución do proxecto nos vindeiros meses.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego construír un novo centro de saúde en Ribadavia durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2018 17:50:27

Raúl Fernández Fernández na data 06/02/2018 17:50:33

Julio Torrado Quintela na data 06/02/2018 17:50:42

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de xustiza, regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. A comezos de 2016, comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema Lexnet, mais con multitude de problemas, pois fallan dende o comezo medios persoais e materiais e non se deixan de producir multitude de incidencias diarias.

Precisamente polo coñecemento de tantos problemas, dende novembro de 2016 estamos a solicitar os custos de papel e tinta dos xulgados de Galicia durante o ano 2015, 2016 e agora tamén 2017. Porque sabiamos que o papel cero era unha mentira, que os xulgados imprimen todo o que entra telematicamente e que os custos estaban disparados. Levamos denunciándoo dende comezos de 2016 e o Goberno ocultando os datos dende entón. Pois ben, o 25 de xaneiro de 2018 (un ano e pico despois) temos a resposta que xa sabiamos, o custo de papel e de impresión dende que entrou o papel cero é case o 45 % máis que cando non o había.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como explica o Goberno galego que o custo de papel e de impresión dende que entrou en vigor o papel cero é case o 45 % máis que cando non o había?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/02/2018 17:55:29

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/02/2018 17:55:34

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/02/2018 17:55:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os veciños e veciñas de Veira do Río na parroquia de Santa María Maior e Lindín de Mondoñedo están preocupados e alarmados polos traballos de explotación na canteira desta parroquia, na que desenrola a súa actividade a empresa PIVERI S.L.

De feito os propios veciños crearon unha asociación que leva por nome “Afectados polas louseiras do Val do Río Baos”, da que xa forman parte 15 familias. E a día de hoxe xa presentaron varias denuncias ante o Concello e a Valedora para denunciar a situación actual.

Segundo os propios afectados esta canteira está levando a cabo traballos sen as normas de seguridade que marca a normativa de explotación das mesmas. Concretamente, poñen como exemplo que se realizan voaduras sen avisar aos veciños colindantes, e a casa máis próxima ten gretas no seu interior. E tamén advirten que non poden acceder aos seus propios terreos particulares para explotalos; xa que por dentro da canteira existe un camiño veciñal que a día de hoxe está completamente intransitable.

O Grupo Socialista puido constatar que este recinto carece de peche perimetral de seguridade, e tampouco conta cunha valla ou elemento que impida o acceso á mesma. Na entrada só hai un cartel que impide o acceso as instalacións, cando é un recinto onde se fan as voaduras, ademais de traballar con maquinaria pesada e de gran tonelaxe.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coñece a Xunta de Galicia as denuncias presentadas por parte dos veciños pola actividade desenvolvida pola empresa PIVERI S.L. no concello de Mondoñedo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/02/2018 17:59:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/02/2018 17:59:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/02/2018 17:59:59

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/02/2018 18:00:04

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/02/2018 18:00:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo unha situación insostible tanto para pacientes como para persoal.

O persoal leva bastante tempo manifestándose para que a Consellería solucione esta situación que desborda totalmente.

En relación ás infraestruturas resultan especialmente graves as condicións da cociña, que xunto coa deficiencia de persoal, ten que facer fronte a situación de elaborar mil menús por quenda nun contexto de absoluta precariedade, non estando dotado de cociña o novo edificio e atopándose nunha situación de deficiencia total a cociña antiga, circunstancia denunciada tanto á inspección de traballo como á inspección de sanidade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:



- Considera normal a Xunta de Galicia manter esta situación no Hospital?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/02/2018 18:14:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 18:28
Nº Rexistro: 25426
Data envío: 06/02/2018 18:28:45.150

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a promoción da lingua galega no Bierzo e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para tal fin.

A lingua galega non se fala unicamente no territorio delimitado política e administrativamente como Comunidade Autónoma. Tamén n

O artigo 21.2 da Lei de normalización lingüística sinala que o Goberno galego “fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma”. É dicir, “asinar convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da exclusiva competencia delas” (artigo 35).

Desde o colectivo Fala Ceibe do Bierzo remitiron ao Bloque Nacionalista Galego unha proposta encamiñada á aprobación dun convenio de colaboración dirixido á promoción da lingua galega nos entes locais desta comarca.

O seu obxectivo é procurar o apoio e colaboración interinstitucional para promover a creación dun Servizo lingüístico interadministrativo encamiñado a elaborar, asesorar e executar labores de promoción da lingua galega entre os diversos entes locais bercianos; a creación de páxinas web que inclúan o galego; a recuperación da toponimia tradicional galega como elemento fundamental para conservar a nosa lingua no Bierzo;



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 18:28
Nº Rexistro: 25426
Data envío: 06/02/2018 18:28:45.150

así como a edición de diversos materiais encamiñados á promoción turística en galego de espazos naturais como Os Ancares ou o Camiño de Santiago no Bierzo.

Cómpre lembrar que o traballo (inter)institucional encamiñado á promoción e estudo da lingua galega na comarca do Bierzo comezou no ano 2001 coa sinatura dun acordo de cooperación entre a Consellaría de Educación da Xunta e a súa homóloga en Castela e León. Un instrumento que sería ampliado a través dun Protocolo Xeral de Colaboración para a promoción da ensinanza da lingua galega asinado en 2006.

Así mesmo, o Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) prevé unha batería de medidas encamiñadas a cumprir co obxectivo estratéxico de promover o coñecemento e uso da lingua galega nos territorios fóra da comunidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego renovar e ampliar os instrumentos de colaboración interinstitucional asinados coa Junta de Castilla y León para a promoción do uso e coñecemento da lingua galega na comarca do Bierzo?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 18:28
Nº Rexistro: 25426
Data envío: 06/02/2018 18:28:45.150

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2018 18:23:05

María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2018 18:23:11

Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2018 18:23:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/02/2018 18:23:13

Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2018 18:23:15

Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2018 18:23:16

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia é ben coñecida por albergar unha gran cantidade de explotacións de leite e de carne nas que convive un pequeno número de ovellas e de cabras, na maioría dos casos, son criadas coma un complemento máis da actividade principal. Non obstante, poucas son as explotacións –arredor de 300– que vivan exclusivamente dunha actividade que adoece dunha maior profesionalización e dunha falta de apoio por parte da Administración pública.

A pesar desa falta de profesionalización e apoio público, a realidade actual de Galicia en relación ás explotacións bovinas e caprinas é que Galicia ten arredor de 21.700 explotacións con cabezas de ovellas e cabras –unhas 229.200–, o que supón que case todas as granxas de vacas de carne teñen estes animais e máis do dobre de granxas de leite.

O abandono da Administración a este sector non axuda para nada a que a xente opte por este tipo de explotacións. A falta de medidas para favorecer a súa profesionalización e formación, así como para poñer en valor e promocionar o produto non fan, senón, que complicar máis aínda a aposta dos potenciais novos gandeiros. A marca de garantía de Pastores de Galicia non conta con apenas ningún orzamento público, tal e como se fixera con Galega 100 %, e con Ternera Galega, o que dificulta a súa venda.

As diversas asociacións do sector levan reclamando, sen éxito, un módulo específico de formación en gandería ovina e caprina nos centros de capacitación agraria, tal e como os hai noutras comunidades autónomas como Andalucía ou Aragón.

A pesar deste desleixo por parte da Administración, cada día hai máis xente moza que se incorpora á actividade, xa que, abrir unha explotación é relativamente barato en comparación con outras dedicadas a outros animais. Estas explotacións teñen vantaxes que xogan a favor dos novos produtores xa que os animais non

Grupo Parlamentario

son moi caros, as femias reproducense rápido e a xestación é de 5 meses, polo que a ampliación do rabaño se pode acadar, relativamente, en pouco tempo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais, o mercado galego é un mercado, hoxe en día, incapaz de cubrir a demanda da carne destes animais. De feito, en Galicia soamente se produce o 26 % da que se consume, tendo que importar o resto doutras comunidades autónomas ou países como Reino Unido ou Nova Zelandia.

E por se fose pouco, o pastoreo destes animais axuda a limpar o monte evitando así os incendios forestais.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego crear un módulo específico nos centros de formación e experimentación agroforestal (CFEA) en gandería ovina e caprina?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/02/2018 18:43:24

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/02/2018 18:43:33

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Desde o ano 2007 que se creou o xulgado nº 3 de Carballo, non se incrementou o persoal nin se dotou de reforzos, e esta falta de persoal está a crear problemas. Nesta situación está o caso dos procedementos civís, onde a carencia de persoal impide a tramitación e axilización de asuntos. Aínda que estatisticamente nos últimos anos non houbo un incremento de asuntos declarativos civís, atópanse co problema da súa execución, cando están rematados moitos deles pasan a execución o que pode levar anos, provocando un grave prexuízo para a cidadanía.

Os xulgados de Carballo contan cun só funcionario do Corpo de Auxilio Xudicial, polo que no caso de vacacións e baixas parálzase a actividade.

Este é o caso do xulgado nº 1, no que se tramitan asuntos de violencia sobre a muller (VSM), actualmente os servizos préstanse por dúas únicas funcionarias que asisten o Xuíz e o Letrado da Administración de Xustiza. A mediados de xaneiro, a oficina permaneceu pechada como consecuencia da baixa por IT dunha traballadora, coincidindo coas vacacións doutra traballadora, o que puxo de manifesto, unha vez máis, as carencias en temas de persoal do partido xudicial de Carballo. É preciso, polo tanto, asumir o compromiso de poñer os medios que garantan unha loita eficaz contra a violencia de xénero.

Por outra banda, en canto ao xulgado núm 1, non existen dependencias acondicionadas que permitan que a vítima e o descendentes, no caso que existan, poidan agardar a que se lles tome declaración ou celebre o xuízo. En ocasións as vítimas acoden cos seus fillos e fillas e teñen que ser as funcionarias as que teñen que atender os menores mentres que a nai declara, o que implica que, deixen de facer o seu traballo para coidar dos menores. Recentemente, dotáronse os xulgados de VSM das grandes cidades galegas dun psicólogo, en Carballo non existe.



 Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cando vai o Goberno galego dotar de medios suficientes o xulgado mixto de Carballo para atender as demandas desta demarcación?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2018 10:35:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2018 10:35:23

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2018 10:35:29

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A noticia da próxima chegada da empresa Estrella Galicia a Vimianzo tivo moi boa acollida. Ao mesmo tempo vén poñer unha vez máis de actualidade a necesidade de crear un acceso directo desde a autovía da Costa da Morte ao parque empresarial, que tería por obxecto evitar o grave problema de tránsito rodado que se ve obrigado a saír na AC 432, entrando no casco urbano, xirar á esquerda para coller a AC-552. Trátase ademais dun xiro con moi pouca visibilidade e bastante perigoso, xa que alí están estacionados os furgóns de correos. Isto de seguir así, crea un gravísimo problema tendo que entrar no casco urbano todo o tránsito procedente da zona norte (Coruña, Ferrol, Santiago e Madrid), cos seus conseguíntes riscos.

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, núm. 81, do 10 de marzo de 2017, publicábase o texto aprobado da iniciativa 5105 (10/PNP-000425) do Grupo Parlamentario Popular, que establecía, entre outras cuestións: “... analizando a viabilidade debe incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas ...”.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

En que situación se atopa o acordo parlamentario de marzo de 2017, que xa contemplaba “analizar a viabilidade de incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo en dirección Camariñas”?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2018 12:12:07

Raúl Fernández Fernández na data 07/02/2018 12:12:20

María Luisa Pierres López na data 07/02/2018 12:12:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dentro dos acordos con protocolos en vigor que teñen por obxecto que os países da UE poidan pescar, nunha contorna regulada e xuridicamente segura, os recursos excedentes nas zonas económicas exclusivas (ZEE) dunha serie de terceiros países, atópase o realizado con Marrocos que caducará o 14 de xullo. Uns días despois de que o Executivo comunitario pedise a autorización aos 28 países para iniciar a negociación da explotación pesqueira por parte da Unión das augas adxacentes ao Sahara Occidental, abriuse o debate sobre a validez deste acordo.

Aínda que dende o Estado español se tratou de transmitir tranquilidade, descoñecemos a opinión do Goberno galego ao respecto e o sector afectado mostra a súa preocupación polas súas posibles consecuencias e os efectos negativos que poida ter.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

De que información dispón o Goberno galego en relación a un posible perigo do acordo de pesca con Marrocos, se o Tribunal de Xustiza da Unión Europea o considera sen validez por aplicarse ao Sahara Occidental e ás augas adxacentes?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2018 13:47:15

Julio Torrado Quintela na data 07/02/2018 13:47:33

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para** a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei do sector eléctrico de 1997 establecía que no caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa o indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas, ou recargos sobre tributos estatais, poderían incluír un suplemento territorial que abonarían as persoas consumidoras desas comunidades para cubrir ese custo adicional.

En xullo de 2012 o Goberno de España aprobou un Decreto-lei de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Entre outras cuestións, modificou a citada norma e eliminou o carácter opcional do suplemento territorial, o que abría a porta a fixar distintos prezos por comunidades en función dos tributos autonómicos que se aplicaran ao sector, o que viña a vulnerar varios principios constitucionais, ademais de incorrer nunha auténtica deslealdade.

Aínda así, o Goberno quixo aplicar esta medida en 2013, incluíndo nos prezos da electricidade un suplemento que deberían pagar as persoas consumidoras. Sen embargo, a Comisión Nacional da Enerxía recomendou desestimar a medida porque o citado decreto-lei non fora desenvolvido.

Finalmente, desestimouse incluír o suplemento territorial pero a finais de 2013, na nova Lei do sector eléctrico, o Goberno volveu á redacción anterior. Pero aconteceu que durante cerca dun ano e medio estivo en vigor unha norma que obrigaba a repercutir na factura ao consumidor/consumidora dos impostos autonómicos ás compañías eléctricas.

Grupo Parlamentario

As empresas recorreron a decisión do Goberno de non cobrar por este concepto nas dúas ordes que regularon as tarifas de 2013. En xuño de 2014 e setembro de 2016, o Tribunal Supremo deulle a razón e condenou ao Ministerio de Industria a establecer o cobro dos suplementos territoriais. Sen embargo, a execución destes fallos xudiciais presentou novos problemas.

A finais de decembro o Tribunal Supremo apercibiu ao ministro de Enerxía para que antes do 20 de xaneiro iniciara a tramitación da orde correspondente. Así o fixo, e tamén aportou un informe sobre os problemas para executar a sentenza de 2014.

En concreto, o ministerio alegou que, para dar cumprimento ás sentencias, pediu en abril do ano 2016 ás comunidades autónomas información sobre os tributos existentes durante 2013 que gravaban actividades e instalacións destinadas ao subministro eléctrico. Pero só dispuxo de datos suficientes de Cataluña, A Rioxa, Castela A Mancha e a Comunidade Valenciana.

O 26 de xaneiro do 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado a orde esixida, que unicamente afectaba a esas catro rexións. Tamén se fixeron requirimentos a outras dez comunidades, Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Extremadura, Galicia e Madrid. Esta mesma Orde tamén recollía que se continuaba solicitando información sobre estas e outras comunidades autónomas.

Trala publicación da orde en xaneiro, as eléctricas solicitaron ao Tribunal Supremo que declare que non se ten cumprido a sentenza de 2014, e que se amplíe a esixencia de devolución a tódolos tributos satisfeitos polas actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico. Así mesmo, piden que se reingrese todo o cobrado mentres estivo en vigor o decreto-lei de 2012. Pola súa parte, a avogacía do Estado deu por cumprida a sentenza e pediu que sexa o Tribunal o que requira ás comunidades que non teñen aportado os datos solicitados.

Nun auto do pasado 10 de marzo o Tribunal Supremo considera que a sentenza de 2014 ten sido parcialmente executada e que polo tanto só cabe que as eléctricas impugnen a orde de xaneiro, polo que non deixa

Grupo Parlamentario

claro si avala o criterio do Goberno. Ademais, da un prazo de tres meses para que o ministerio dite unha nova resolución na que fixe canto hai que esixir aos consumidores das catro comunidades afectadas inicialmente e do resto de comunidades, entre elas Galicia.

Daquela, os socialistas presentáramos unha iniciativa lexislativa que viña a propoñer a supresión de diversos artigos da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, pero a maioría parlamentaria do Grupo Popular rexeitou tal iniciativa, aducindo, entre outras cuestións, que os suplementos nunca serían repercutidos xa que os impostos mediambientais galegos non gravan a enerxía eléctrica, ao tempo que facían unha (indefendible) loia sobre a política enerxética realizada polo goberno central nos últimos anos.

No Boletín Oficial do Estado do último 30 de xaneiro, aparece unha Orde do Ministerio pola que desenvolve o mecanismo para obter a información necesaria para a fixación dos suplementos territoriais, figurando para Galicia as figuras tributarias (para o exercicio do 2013) de catro gravames: o canón de saneamento, o imposto sobre contaminación atmosférica, o coñecido como imposto sobre a auga encorada e o canon eólico.

O importe recadado (por dereitos recoñecidos) deses tributos no ano 2013 foron os seguintes:

- Imposto sobre contaminación atmosférica: 2.922.083 €
- Imposto sobre a auga encorada: 11.407.602 €
- Canon eólico: 22.931.900 €

Mentres que a memoria orzamentaria para Augas de Galicia, establecía o importe dos canóns hidráulicos (da auga, do coeficiente de vertido e de saneamento), nun importe de 31.793.724 €, importe que xa debeu ser facturado ás diversas persoas consumidores.

Do que resultaría (de ser referendadas esas contías), un total de cerca de 70 millóns de euros, contía que deberá ser refacturada e ao final, novamente, tamén recaerá sobre as familias, soportando deste xeito

 Grupo Parlamentario

unha nova carga sobre unha factura eléctrica xa de por si xa moi elevada.

A Xunta de Galicia ten anunciado que impugnará esta decisión do Goberno central, pero, en base aos argumentos que veu utilizando ata o de agora, cando anunciaban que tales impostos autonómicos non serían repercutidos, non parece que existan garantías en tal sentido. Máis cando é coñecida a súa defensa da política enerxética levada a cabo polo Goberno central.

Por todo o anterior, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración realiza a Xunta de Galicia ao respecto da refacturación que trasladarase ás persoas consumidoras por determinados impostos autonómicos?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Xoaquín Fernández Leiceaga
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2018 16:25:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/02/2018 16:25:37

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2018 16:25:41

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para** a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 25 de abril do 2017 foi presentada a debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei por parte do Grupo Socialista para solicitar a posta en marcha urxente dende a Xunta da Galicia do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia.

A iniciativa non acadou o apoio do grupo de goberno, por non estar disposto á redacción dun informe que puxera de manifesto o feito ata o momento, que era nada.

Un Plan de obrigada implantación dende o 3 de maio de 2007, coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Esta obriga se recollía no seu artigo 11 de *Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade*.

Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da comunidade autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da comunidade autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da comunidade autónoma.

Este mesmo artigo se mantén no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

 Grupo Parlamentario

Levamos polo tanto xa máis de 10 anos agardando por unha medida que permita conquistar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo.

Tendo en conta que é a propia administración pública a primeira que é incapaz de cumprir coas obrigas da lei, non estraña que no 2017 apenas un 10 % das empresas españolas con máis de 250 traballadores cumprisen coa Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O 4 de xullo do 2017 a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordou elaborar o “I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia”.

A día 6 de febreiro do 2018, algo máis de 6 meses despois seguimos agardando pola súa aprobación e posta en marcha, sen ningún tipo de noticia ao respecto.

Por todo o exposto, pola urxencia que entendemos merece o asunto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera este Goberno que as accións que levou a cabo ata o momento para a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia son suficientes?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/02/2018 16:31:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2018 16:31:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2018 16:31:57

 **Grupo Parlamentario**

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2018 16:31:59

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A recuperación do barrio da Tinería é un proxecto fundamental para a cidade de Lugo, tanto pola rehabilitación dunha zona que se atopa dentro de murallas moi preto deste monumento Patrimonio da Humanidade e que conserva moitos valores arquitectónicos e históricos, como polo impulso que ofrece ao centro histórico da cidade axudando á fixación da poboación e ao crecemento da actividade económica.

A rehabilitación desta zona tivo un forte impulso no goberno dirixido polo presidente Touriño, pero a partir de 2009, coa chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia, retardouse ata case a parálise coa consecuencia de que un barrio con edificios moi degradados está degradándose aínda máis. Agora mesmo calcúlase que no barrio da Tinería hai 35 edificios en ruínas propiedade da Xunta de Galicia, e entre eles se atopa unha casa medieval, a coñecida como Hospital de San Miguel, encostada á muralla Patrimonio da Humanidade totalmente esnaquizada, e que comprou a Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo no anterior goberno para facer un centro de interpretación.

Tamén está en total ruína o Pazo de Dona Urraca, un edificio do século XII situado moi cerca da muralla e da catedral. Este pazo atópase na Unidade de Intervención 8 para á que o goberno dirixido polo presidente Touriño elaborou un proxecto de desenvolvemento que incluía a rehabilitación do Pazo de Dona Urraca, e que o Sr. Feijoo anulou dicindo que volvía ao Plan Especial aprobado na VI Lexislatura polo goberno do Partido Popular, argumentando que sería moito máis rápido aplicar este Plan Especial.

Isto sucedía en 2010. Estamos en 2018 e nada, absolutamente nada, se fixo nesta unidade de intervención e o pazo está en total estado de ruína, podéndose perder irremediabilmente. Unha vez máis, Lugo vería desaparecer parte do seu patrimonio pola ineficacia e pasividade da administración que ten a responsabilidade de conservalo.

O abandono deste patrimonio é grave por si mesmo, pero tamén porque está no entorno de tres Patrimonios da Humanidade, a Muralla de Lugo dende a

 Grupo Parlamentario

que se percibe perfectamente este espazo degradado do barrio da Tinería e o patrimonio citado, a catedral de Lugo e o Camiño Primitivo.

Lugo non pode perder este importante patrimonio, nin pode ofrecer esta imaxe de abandono dende o seu monumento máis emblemático como é a Muralla e ao lado doutro fundamental que é a catedral. A cidade é un dos destinos de turismo cultural máis importantes de Galicia e non é de recibo a imaxe que se está dando aos visitantes nesta zona tan emblemática do centro histórico de Lugo porque a Xunta de Galicia non cumpre as súas promesas e as súas obrigas.

Consideramos que a Consellería de Cultura, como máxima responsable do patrimonio artístico-cultural, non pode quedar calada fronte a esta desatención dun patrimonio abandonado e en ruínas, máxime cando rehabilitalos é obriga da Xunta de Galicia como propietaria de todos eles.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o conselleiro de Cultura que é necesario que a Xunta de Galicia proceda de inmediato a rehabilitar o patrimonio da súa propiedade no barrio da Tinería de Lugo, especialmente a casa coñecida como Hospital de San Miguel e o Pazo de Dona Urraca?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2018 16:52:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2018 16:51:53

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A recuperación do barrio da Tinería é un proxecto fundamental para a cidade de Lugo, tanto pola rehabilitación dunha zona que se atopa dentro de murallas, moi preto deste monumento Patrimonio da Humanidade e que conserva moitos valores arquitectónicos e históricos, como polo impulso que ofrece ao centro histórico da cidade axudando á fixación da poboación e ao crecemento da actividade económica.

A rehabilitación desta zona tivo un forte impulso no goberno dirixido polo presidente Touriño, pero a partir de 2009, coa chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia, retardouse ata case a parálise coa consecuencia de que un barrio con edificios moi degradados está degradándose aínda máis. Agora mesmo calcúlase que no barrio da Tinería hai 35 edificios en ruínas propiedade da Xunta de Galicia e entre eles se atopa unha casa medieval, a coñecida como Hospital de San Miguel, encostada á muralla Patrimonio da Humanidade totalmente esnaquizada, e que comprou a Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo no anterior goberno para facer un centro de interpretación. Do mesmo xeito está en total ruína o Pazo de Dona Urraca, un edificio do século XII, tamén moi cerca da muralla e da catedral.

Este pazo atópase na Unidade de Intervención 8, para a que o goberno dirixido polo presidente Touriño elaborou un proxecto de desenvolvemento que incluía a rehabilitación do pazo de dona Urraca, e que o goberno do Sr. Feijoo anulou dicindo que volvía ao Plan Especial aprobado na VI Lexislatura polo goberno do Partido Popular, e argumentando que sería moito máis rápido aplicar este Plan Especial.

Isto sucedía en 2010. Estamos en 2018 e nada, absolutamente nada, se fixo nesta unidade de intervención 8 e o pazo está en total estado de ruína podéndose perder irremediabilmente. Unha vez máis, Lugo vería desaparecer parte do seu patrimonio pola ineficacia e pasividade da administración que ten a responsabilidade de conservalo.

O abandono deste patrimonio é grave por si mesmo, pero tamén porque está no entorno de tres Patrimonios da Humanidade, a Muralla de Lugo, dende

 Grupo Parlamentario

cuxo adarve se percibe perfectamente este espazo degradado do barrio da Tinería e o patrimonio citado, a catedral de Lugo e o Camiño Primitivo.

Consideramos que a Xunta de Galicia non pode seguir sen cumprir as súas obrigas con este proxecto de recuperación do barrio da Tinería. Queda moito por facer, tanto na rehabilitación das unidades edificatorias, como nas Unidades de Intervención. Xa non podemos aceptar as desculpas de falta de fondos porque o goberno da Xunta xa afirmou que estamos nunha fase de recuperación económica.

Lugo non pode perder este importante patrimonio, nin pode ofrecer esta imaxe de abandono dende o seu monumento máis emblemático como é a Muralla e ao lado doutro fundamental que é a catedral. A cidade é un dos destinos de turismo cultural máis importantes de Galicia e non é de recibo a imaxe que se está dando aos visitantes nesta zona tan emblemática do centro histórico de Lugo porque a Xunta de Galicia non cumpre as súas promesas e as súas obrigas.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que pensa facer a Xunta de Galicia para impedir a ruína e desaparición dos edificios medievais do Hospital de San Miguel e o Pazo de Dona Urraca situados no barrio da Tinería e que son da súa propiedade?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2018 16:56:21

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/02/2018 16:56:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 17:46
Nº Rexistro: 25622
Data envío: 07/02/2018 17:46:03.749

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os criterios que rexen a distribución das axudas públicas destinadas á normalización da lingua galega nos medios de comunicación.

O 7 de febreiro de 2018 o Parlamento de Galiza deu lectura a unha declaración institucional de apoio aos medios en galego. O texto, apoiado unanimemente polas organizacións políticas con representación parlamentaria, conmemoraba o Día dos medios en galego con motivo da publicación do primeiro xornal en lingua galega, O Tío Marcos d'A Portela, saída á rúa o 7 de febreiro de 1846.

Porén, no noso país prodúcese un paradoxo, se temos en conta o contido da devandita declaración. E é que o diñeiro público destinado á promoción e normalización da lingua galega nos medios de comunicación recíbeno na súa amplísima maioría grupos mediáticos que apenas usan o galego.

A razón: os criterios que rexen a convocatoria en concorrência competitiva das axudas públicas exigen só o 8% de uso do galego nas publicacións escritas e, cando menos, o 50% no caso das empresas radiofónicas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 17:46
Nº Rexistro: 25622
Data envío: 07/02/2018 17:46:03.749

Así mesmo, o crédito asignado para cada tipo de axuda distribúese entre os criterios de valoración das solicitudes de acordo coa seguinte táboa:

Tipo de axuda	% de repartición do crédito segundo os criterios de valoración		
	Difusión exemplares/Núm. oíntes/Núm. visitas	Uso da lingua galega	Normalización da lingua
Axudas a xornais impresos en formato papel	74 %	24 %	2 %
Axudas a empresas radiofónicas privadas	74 %	24 %	2 %
Axudas a empresas xornalísticas que difundan a súa actividade informativa mediante a internet	74 %	24 %	2 %

Como reflicte o gráfico, prímase a difusión (74%) fronte ao uso real e efectivo do galego (24%) en contra, mesmo, das medidas fixadas no Plan Xeral de Normalización Lingüística no que, entre outras cuestións, recóllense:

3.1.17. Acordos cos diarios de maior tirada, para ir aumentando a presenza do galego, até chegar en 10 anos a un mínimo dun 30%.

3.1.18. Subvencións á produción en galego a cambio dunha porcentaxe, e non a priori.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cre a Xunta de Galiza que, tal como recolle o Plan Xeral de Normalización Lingüística, as axudas deberían vincularse á produción en galego a cambio dunha porcentaxe, e non a priori?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 17:46
Nº Rexistro: 25622
Data envío: 07/02/2018 17:46:03.749

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2018 17:44:03

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2018 17:44:08

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2018 17:44:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2018 17:44:11

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2018 17:44:12

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2018 17:44:14



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 18:17
Nº Rexistro: 25656
Data envío: 07/02/2018 18:17:30.972

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A explosión demográfica do porco bravo arredor dos anos 80 coincide coa expansión de praderías, cultivos e a peste do eucalipto. Alimento e acubillo en aumento.

As explotacións agrarias e gandeiras galegas e en xeral todo o campo galego vén sufrindo cada vez máis intensamente danos ocasionados pola fauna salvaxe, cunha incidencia enorme no caso do porco bravo. Os danos que este animal ocasiona nos millos, praderías, patacas..., son considerables.

A sociedade destes tempos pide e esixe cada vez con maior intensidade o respecto pola fauna en xeral e medidas conservacionistas. Harmonizar os intereses aparentemente encontrados dos agricultores e gandeiros e da conservación da fauna semella labor imposible. Non é así.

Mais os danos a cultivos son reais e o abandono da Consellería tamén. Ademais das outras medidas que serán obxecto doutra iniciativa e que deberan dar resultados a longo prazo, o certo é que os agricultores reclaman axudas paliativas dos danos ocasionados ademais das outras que controlen a poboación. Non falamos de lazo e escopeta que demostraron que lonxe de minimizar o problema e controla-la poboación, esta aumenta de xeito alarmante.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 18:17
Nº Rexistro: 25656
Data envío: 07/02/2018 18:17:30.972

Botamos en falta unhas e outras. O motivo desta iniciativa é recupera-las liñas de axudas que reparen os danos que o porco bravo ocasiona nos cultivos e propiedades dos agricultores e máis nas estradas. Neste contexto faise incomprensible que a Xunta de Galiza deixase de pagar axudas polos danos ocasionados por este animal.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto impulsar para facer fronte aos danos ocasionados polos xabarís na actividade agraria en Galiza?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 18:17
Nº Rexistro: 25656
Data envío: 07/02/2018 18:17:30.972

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2018 18:13:40

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2018 18:13:44

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2018 18:13:46

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2018 18:13:47

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2018 18:13:48

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2018 18:13:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25550
Data envío: 07/02/2018 14:16:28.439

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte
Pregunta para resposta oral en Pleno.

1. A Xunta de Galicia, através de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

2. Despois de 7 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e a o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións.

3. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25550
Data envío: 07/02/2018 14:16:28.439

Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

4. A paralización do proxecto está a provocar un novo retraso nunha obra repetidamente adiada. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que prazo prevé a Xunta de Galiza licitar o proxecto da dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25550
Data envío: 07/02/2018 14:16:28.439

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2018 14:15:23

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2018 14:15:28

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2018 14:15:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/02/2018 14:15:31

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2018 14:15:32

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2018 14:15:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25661
Data envío: 07/02/2018 19:10:30.677

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Ministro de Facenda afirmou recentemente, no Congreso das deputadas e dos deputados, que o Goberno Central está aberto a poñer en marcha unha quita ás comunidades autónomas dos instrumentos extraordinarios de financiación que recibiron desde 2012. Concretamente, o estado puxo a disposición das comunidades máis de 231.000 millóns de euros a través de diferentes mecanismos e que estaban cubrindo as deficiencias do actual modelo de financiación, agravadas pola gran recesión.

Segundo os datos dos que dispón o noso grupo a Xunta de Galiza só accedeu a fondos por valor de 7.043 millóns de euros, é dicir, un 3% do total. Unha situación de clara desvantaxe para Galiza que é froito de decisións políticas do Goberno galego. A Xunta optou por recorrer a financiamento da banca privada a pesar de pagar uns xuros máis elevados, e recortar máis que outras comunidades nos servizos públicos. Esta decisión gravosa para as e os cidadáns do noso país que sufriron máis recortes nos servizos públicos, pagamos xuros máis elevados pola débeda e agora podemos ver como se pode establecer unha quita que non nos vai beneficiar na mesma medida que outros territorios.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25661
Data envío: 07/02/2018 19:10:30.677

Ante esta situación fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta reclamar que, no suposto de confirmarse a quita ás comunidades dos fondos de liquidez establecidos polo goberno central, se estableza unha compensación equivalente a Galiza que evite un novo agravio?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2018 19:07:36

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2018 19:07:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2018 19:07:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25661

Data envío: 07/02/2018 19:10:30.677

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2018 19:07:44

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2018 19:07:45

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2018 19:07:46

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

No seu artigo 11.4 establece que “*As corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario*”, mentres que no artigo 32. Destino do superávit orzamentario. Sinala que “*este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda*”

A Lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir que os concellos cumprisen cunha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibles, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto-lei 2/2004, do 21 de febreiro na súa disposición adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfaccións ás demandas municipais posto que as condicións para se poder acoller a estas medidas eran:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesourería.
- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.
- Destinar o sobranche a amortizar débeda.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nesta situación de evolución positiva no saneamento das contas públicas municipais, a continuidade na aplicación da dita regra de gasto segue xerando remanentes positivos de tesourería ao mesmo tempo que segue a constrinxir a capacidade destes concellos para atender as crecentes necesidades sociais actuais, sen poñer en risco o cumprimento dos obxectivos de déficit nin a redución da débeda pública municipal.

A propia Airef (Autoridade independente de responsabilidade fiscal) ten sinalado en múltiples ocasións e en varios informes, as deficiencias na aplicación da regra de gasto, esixindo unha revisión do seu deseño e unha maior transparencia nas condicións e criterios de cálculo así como na aplicación da dita regra.

Estes condicionantes deron un resultado sorprendente: os concellos son a única administración con superávit dende 2012, están saneados e cumpren os seus obxectivos, pero non poden investir o seu aforro.

No mes de decembro de 2017, a FEMP presentou un documento, que inclúe unha serie de propostas, ao Goberno do Estado sobre o destino do superávit, da regra de gasto e do teito de gasto que establece:

- 1) Establecer o carácter indefinido da prórroga para o destino do superávit.
- 2) Ampliar o ámbito de aplicación dos investimentos financeiramente sostibles flexibilizando a rixidez existente ao limitar o destino a un determinado grupo de programas de gasto e gasto de investimento.
- 3) Substituír a referencia a investimentos financeiramente sostibles pola de financiamento de gastos urxentes e/ou necesarios.
- 4) Flexibilizar a metodoloxía da regra de gasto e teito de gasto para aquelas entidades locais que teñan as súas contas saneadas.
- 5) Que o cálculo do teito de gasto non financeiro do orzamento dun exercicio determinado se fixe a partir da aplicación da regra de gasto sobre as previsións iniciais do orzamento do exercicio anterior.
- 6) Que se teña en conta para o teito de gasto do seguinte exercicio, o gasto computable que se podería ter executado en lugar do liquidado.

Polo que os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Grupo Parlamentario

Vai o Goberno galego dirixirse ao Goberno central para que se aborden os cambios normativos necesarios sobre o destino do superávit, da regra de gasto e do teito de gasto, segundo o documento presentado pola FEMP?

~~Partido dos~~
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 11:42:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2018 11:43:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 11:43:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 11:43:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 13:11
Nº Rexistro: 25757
Data envío: 08/02/2018 13:11:08.527

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Malia os avances acadados continúa vixente a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres así como a necesidade de mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica.

A fenda salarial en Galiza é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e discontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. No laboral as mulleres galegas sofren a inexistencia dun marco de relacións laborais galego que axude a negociar melloras para os traballos feminizados do noso país, como a conserva, ademais de sufrir as consecuencias das reformas laborais do goberno central, lesivas para a clase obreira, e a desatención de Xunta e Estado ao fomento de políticas activas contra a discriminación laboral sobre as mulleres. Por outra banda, ao tempo que cobran menos de media e sofren máis precariedade, no ámbito do consumo foméntase que as mulleres teñan que adquirir produtos máis caros que aplican a denominada “taxa rosa” cando están dirixidos ao mercado feminino, ademais de gravar os produtos básicos de hixiene cun 21% de IVE.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 13:11
Nº Rexistro: 25757
Data envío: 08/02/2018 13:11:08.527

Por causa do sistema patriarcal e da realidade socioeconómica, as mulleres sofren máis atrancos na conciliación da vida familiar e laboral, para o que se fai necesario mudar ideas, comportamentos e mesmo leis para poder garantir a igualdade de dereitos e de oportunidades. Tampouco se recoñecen as tarefas domésticas e de coidado familiar, por iso esta convocatoria tamén pretende chamar a atención sobre os coidados e as tarefas. Durante a crise, esta situación agravouse e o deterioro dos servizos públicos agrava unha desigualdade que, superado o ciclo económico da recesión, busca consolidarse. Desta forma, os datos demostran que son maioritariamente as mulleres as que optan por xornadas parciais ou excedencias para coidar crianzas e maiores, moi por riba da poboación masculina. No caso das excedencias, por exemplo, no 2017 foron solicitadas por mulleres 1.078 fronte a 132 pedidas por parte de homes.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten avaliado o goberno galego buscar fórmulas para favorecer a publicación dos salarios das empresas galegas como medida para combater a fenda salarial?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 13:11
Nº Rexistro: 25757
Data envío: 08/02/2018 13:11:08.527

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2018 13:10:00

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2018 13:10:05

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2018 13:10:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2018 13:10:07

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2018 13:10:09

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2018 13:10:10

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa reposta oral en Pleno**.

Conforme á Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 45. se indica:

1. As empresas están obrigadas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, medidas que deberán negociar, e no seu caso acordar, cos representantes legais dos traballadores na forma que se determine na lexislación laboral.

2. *Elaboración e aplicación dos plans de igualdade. as empresas apúntase que no caso das empresas de máis de douscentos cincuenta traballadores, as medidas de igualdade ... deberán dirixirse á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, co alcance e contido establecidos neste capítulo, que deberá ser asemade obxecto de negociación na forma que se determine na lexislación laboral.*

Segundo datos de decembro do 2017 eran 4498 as empresas de máis de 250 traballadores e traballadoras en España, e en Galicia son 140 as empresas con presenza no territorio.

Segundo datos do estudio da consultora Leialta presentado en xaneiro do 2017 apenas un 10 % das empresas españolas con máis de 250 traballadores cumprían con esta obriga. O dato é simplemente alarmante pola falla de implicación e a conseguinte falla de control do seu cumprimento por parte da administración.

Tras once anos de aplicación da lei , que só un 10 % das empresas implementasen plans de igualdade é un fracaso absoluto para o traballo

 Grupo Parlamentario

que dende o Goberno se está a facer en pro da igualdade e polos dereitos das mulleres.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tras once anos de aplicación da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que valoración fai o Goberno galego respecto ao índice tan baixo de implantación de plans de igualdade nas empresas de máis de 250 traballadores presentes en Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 14:14:55

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2018 14:15:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 14:15:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 14:15:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 14:15:28

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nun dos últimos Consellos da Xunta a Consellería de Medio Ambiente emitía un informe sobre a situación actual da seca na nosa Comunidade Autónoma. Hoxe xa estamos en situación de alerta en toda Galicia.

Nun pobo de Marrocos, Sidi Bulaalam, non se fala de cambio climático nin do boicot de Donald Trump ao Acordo de París, só se fala de que lles falla algo tan indispensable como é a auga e de que morre xente como consecuencia. Mentres, en España e en Galicia todos os indicadores ambientais e climáticos sobrepasan xa os umbrais máis negativos. En tanto, a Conselleira de Medio Ambiente está instalada na súa inacción e agora todo son urxencias no rescate de instalacións e infraestruturas asfixiadas polo baleiro orzamentario e apelacións a un aforro e a unha eficiencia dificilmente apreciables nun Goberno que todo o fía á caída da chuvia mentres o nivel dos encoros cae semana tras semana.

O certo é que a nova realidade climática obriga a repensar dende a súa raíz a política da auga e quizais sexa o momento xa dunha lei de transición hidrolóxica. Necesitamos adaptalo todo, precisamos medidas de prevención, tales como as que potencien o aforro e eficiencia na distribución e uso de auga, as posibles obras que intercomunique as concas, a reutilización da auga para o agro, as axudas para dar auga ao gando, a facilitación da autoprodución de enerxías renovables para os regantes, a xeración de fontes alternativas, o mantemento dos ecosistemas fluviais e, por suposto, as campañas reiteradas de sensibilización e concienciación de todos os galegos e galegas, de todas as súas institucións e de todas as empresas sobre a necesidade de facer un uso responsable da auga. Porque o cambio climático crea un novo

 Grupo Parlamentario

escenario que fai necesario incentivar a xestión dende usos sustentables.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego unha nova lei de transición hidrolóxica para Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:14:18

José Antonio Quiroga Díaz na data 08/02/2018 16:14:23

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/02/2018 16:14:27

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:14:31

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:14:35

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Existe un Plan (o Real decreto 937/2003, do 18 de xullo), de modernización dos arquivos xudiciais, no que se establecen os criterios para ordenar os documentos xudiciais e onde se recolle expresamente a necesidade de locais axeitados para toda a documentación -escrita e dixital- e as pezas de convicción. Non obstante, a realidade é que nos xulgados non hai espazo nin persoal técnico especializado en expurgos para os arquivos e moitos dos documentos están espaxados polo chan, almacenados en andeis, en mesas ou en sitios de paso, polo que os/as letrados/as da Administración de Xustiza (os antigos secretarios) non poden garantir a seguridade no tratamento dos documentos.

Por outra banda, o proceso de dixitalización e expurgo dos documentos, que solventaría esta situación e que fora iniciado pola Xunta de Galicia, non se está a desenvolver de xeito efectivo. Pero o vicepresidente da Xunta de Galicia fai gala sempre que pode do expurgo que se está a facer en toda Galicia, do que non se teñen datos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos expedientes foron transferidos dende o inicio do proceso de modernización dixital aos Arquivos Xudiciais Territoriais das catro provincias de Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:15:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:15:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:15:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A auga é unha realidade económica e un recurso imprescindible no mantemento dos ecosistemas pero, sobre todo, é un dereito esencial para a vida e a dignidade dos seres humanos, tanto que resulta obrigado para os gobernos garantir a calidade de vida da súa cidadanía, o respecto polo medio ambiente e a solidariedade cos máis desfavorecidos e coas xeracións vindeiras. Os servizos de auga e saneamento están vinculados a dereitos humanos e non poden ser xestionados só dende a lóxica do mercado; isto faise especialmente visible en momentos de crise económica, cando as familias se enfrontan a decisións tan dramáticas como as de elixir entre necesidades vitais.

O recoñecemento en xullo de 2010 por parte da Asemblea Xeral de Nacións Unidas do acceso básico á auga e saneamento como un dereito humano ten relación directa coa condición da auga como ben público, base da vida e da economía e garante do ben común. Por iso ningunha familia pode ser privada do subministro de auga e do servizo de saneamento para cubrir as súas necesidades vitais básicas por razóns económicas. E hai que facer viable en termos legais este compromiso, porque de pouco serve recoñecer que a auga é un dereito, se non se poñen os medios precisos para facelo efectivo.

Precísase unha xestión integral do ciclo da auga como recurso público estatal que garanta o acceso de todos os cidadáns a este recurso. Garantía que abarque o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos das augas residuais e a protección dos ecosistemas acuáticos, arbitrando especiais medidas de protección para aqueles territorios que sexan depositarios de masas de auga para abastecemento.

 Grupo Parlamentario

Hoxe máis que nunca é preciso resaltar as tres calidades que colocan á auga por riba de calquera outra consideración de orden político ou económico: a auga é un elemento indispensable para a vida do planeta, un ben público e un dereito recoñecido. E estas tres premisas definen os principios da política que os socialistas defendemos en materia de auga:

1. A sostibilidade na planificación e a xestión.
2. A defensa da titularidade pública do ben fronte a calquera intento de privatización.
3. A seguranza do subministro de auga para todos a cidadanía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que a auga é un ben público e un dereito recoñecido?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:15:31

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:15:39

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:15:43

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas. Oito anos despois, desgraciadamente, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións.

Mais polo miúdo, en xuño de 2009, o entón conselleiro de Medio Ambiente do PP dicía: *“La contaminación de las rías está peor que hace cuatro años. Reorientaremos la política de saneamiento de las rías, tras el fracaso de gestión del bipartito, que dejó estos espacios peor que hace cuatro años”*. Mais en outubro de 2012, o PP volvía gañar as eleccións en Galicia e Poio, Sanxenxo e Ribeira aínda non tiñan depuradoras.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento Europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. E a finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciará a España (e a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas. Non perdamos de vista que tamén temos un Plan hidrolóxico, que estará vixente ata 2027. Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015, non existe balance coñecido.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego do Plan de saneamento 2000-2015?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:16:38

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:16:43

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:16:47

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 2015, a OMS falaba da apremiante necesidade de reducir as emisións de carbono negro, ozono e metano, contaminantes climáticos que están a provocar un aumento da temperatura do planeta e ata mortes prematuras anuais relacionadas coa contaminación do aire.

En xuño de 2015, a Comisión Europea iniciaba un procedemento formal de infracción por incumprimento polo Estado español da Directiva 2008/50/CE, sobre a calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa. Xa neste ano 2017 (en concreto, en febreiro), chegaba un aviso definitivo para elaborar un plan de medidas destinadas a reducir as emisións ao aire e cumprir a directiva mencionada nun prazo máximo de 2 meses. Levamos case un mes, non sabemos se o Goberno de España o terá feito e, o que é peor, non sabemos cal ten sido o papel do Goberno galego neste asunto, é dicir, descoñecemos se Galicia cumpre ou non os valores NO2.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cumple Galicia a Directiva 2008/50/CE, sobre a calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:17:11

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:17:17

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:17:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Luisa Pierres López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En 2016 e previamente ás eleccións autonómicas do pasado ano, o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a bombo e pratiño a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra, fusión que ía provocar alteración dos partidos xudiciais.

Por outro lado, o 13 de novembro de 2015 e o 10 de maio de 2016, nos concellos de Oia e Pontecesures o PP presentaba sendas mocións de censura, coas que recuperaban as dúas alcaldías. E a última nova que temos sobre cambios nos concellos tivo lugar hai escasamente un mes, cando o PP, a través dunha moción de censura encuberta, volveu á Alcaldía de Sanxenxo tras firmar un pacto de goberno coa formación Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL) que encabezaba o que ata entón era alcalde.

Semellan demasiados cambios en concellos da provincia de Pontevedra en menos de dous anos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a comprometer o Goberno fondos públicos para provocar cambios políticos na provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Abel Losada Alvarez
Juan Manuel Díaz Villoslada
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:17:44

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2018 16:17:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2018 16:17:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:17:57

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:18:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:18:06

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En data 15 de setembro de 2016, publicábase no Diario Oficial de Galicia a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do Centro de Xestión Ambiental de Lousame, promovida pola entidade “Gestora de Residuos del Noroeste, SL”. A nova instalación, segundo recolle o propio DOG, situarase no concello de Lousame (A Coruña).

Como consecuencia desa solicitude e dentro da tramitación necesaria, a mediados de outubro o Concello de Lousame facía público un informe do arquitecto técnico municipal, recollendo parte das alegacións presentadas. Pois ben, nese informe fanse diversas consideracións sobre as carencias substanciais do proxecto, que é de supoñer que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio considerará e que a este grupo parlamentario lle preocupan enormemente.

A maiores, o certo é que o Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022 dise que non se detectan necesidades de implantación de novas infraestruturas de tratamento no período de vixencia do plan (lembremos 2016-2022), agás as necesarias para cubrir o mercado derivado do tratamento de buques, certas categorías de residuos sanitarios, pneumáticos, pilas e acumuladores e proteínas.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É certo que o Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022 di que non se detectan necesidades de implantación de novas infraestruturas de tratamento no período de vixencia do plan?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:18:53

María Dolores Toja Suárez na data 08/02/2018 16:18:57

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:19:04

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:19:09

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En xullo de 2014, o presidente da Xunta de Galicia falaba do Consello Consultivo de Galicia como o “órgano asesor de máximo nivel”, “faro potente” que iluminaría as tarefas da Administración autonómica. Naquel momento, nomeaba presidente do órgano a José Luis Costa Pillado, quen prometía prudencia, ilusión, imparcialidade e austeridade.

Prudencia, ilusión, imparcialidade e austeridade. Ningunha destas promesas se teñen cumprido, senón que ten acontecido todo o contrario:

1. Non pode haber prudencia cando o seu presidente se reúne con frecuencia cun investigado pola Xustiza e cando el mesmo está a ser investigado por presuntos tráfico de influencias e negociacións prohibidas a funcionarias e funcionarios públicos.
2. Non pode haber ilusión cando as funcionarias e os funcionarios do Consello Consultivo están sendo laminados dende que comezara o mandato do actual presidente.
3. Non pode haber imparcialidade cando hai un reparto arbitrario do traballo por parte do seu presidente.
4. Non pode haber austeridade cando vai ter que habilitarse unha ampliación do orzamento para o pago dos complementos de produtividade do persoal que o propio presidente decidira eliminar e que os tribunais de Xustiza de Santiago de Compostela acaban de recoñecer por sentenza hai escasamente 15 días.

A maiores, a Lei 3/2014, do Consello Consultivo de Galicia fora consensuada con este grupo parlamentario e agora (escasamente 2 anos despois) a lei “ómnibus”, de acompañamento aos orzamentos para 2017, sen ningún tipo de participación parlamentaria, suprime o corpo de letrados

 Grupo Parlamentario

do Consello Consultivo, que pasaría a se integrar no corpo de letrados da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e por libre designación. O Goberno impulsa a decisión de suprimir o corpo e o presidente do Consello Consultivo non discrepa.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que todo isto é moi grave e que a institución perde así prestixio, obxectividade e independencia e, dado que o seu presidente está a incumprir gravemente os deberes do seu cargo, procede o seu cese polo Consello da Xunta, de acordo co artigo 5 da Lei 3/2014.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que pensa facer o Goberno galego ante a situación actual do Consello Consultivo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:19:38

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:19:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:19:49

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En marzo do ano 2009, só estaban sen licitar 2 depuradoras, a de Poio-Sanxenxo (Pontevedra) e a de Ribeira (A Coruña).

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas.

A ría de Pontevedra está contaminada e con toxinas que fan que estea pechada grande parte do ano. Na ría de Arousa, a produción ten caído en picado, o berberecho morre dende hai máis de 3 anos por un parásito foráneo que está a afectar tamén á ameixa e a marea roxa e a toxina teñen estrangulado aos produtores de mexillón. Na ría de O Burgo, os lodos chegan a uns dous metros de profundidade e moitas veces se pecha a ría ao marisqueo. Na ría de Noia e Ribeira, non se coñece se o emisario de Touro para o saneamento das augas residuais urbanas se fixo de acordo ao proxecto e, dende 2007, hai fugas e vertidos de augas residuais, sen ningún tipo de explicación por parte do Concello de Ribeira, de Augas de Galicia ou da Consellería de Medio Ambiente (e así consta na denuncia da Fiscalía Provincial de A Coruña, de marzo de 2012).

A finais de 2014 (como en abril de 2011 e en outubro de 2013), a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o Tribunal de Xustiza da UE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, pola falla dun ~~un~~ sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Mesmo a Comisión europea solicitaba a imposición dunha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en 17 cidades, entre elas, Santiago, Vigo e Ribeira.

 Grupo Parlamentario

Pois ben, en respostas de setembro, o Goberno dicíanos que o encargado da defensa ante Europa é o Ministerio de Medio Ambiente e que a Xunta de Galicia está a colaborar en todo momento e con plena disposición para realizar todas as actuacións que se consideren precisas. Referíase nas súas respostas tamén ás edares de Poio-Raxó (segundo o Goberno, non feita por razóns alleas) e á de Santiago de Compostela (da que, segundo as explicacións, en breve se asinará o convenio entre as tres partes implicadas).

Máis en concreto, respecto da de Santiago, dixo o Goberno que se acometeu a ampliación da EDAR da Silvouta cun investimento de máis de 4 millóns de euros que vai participar no cofinanciamento da futura EDAR do Souto, actuación declarada de interese xeral do Estado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que clase de actuacións ten realizado o Goberno galego para colaborar co Ministerio de Medio Ambiente ante as sancións económicas da UE a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en núcleos urbanos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:20:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2018 16:20:52

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:20:56

 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:21:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Neste senso, a xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta. A loita contra a violencia machista precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero de 2004, que o Goberno galego ten discriminado orzamentariamente ano tras ano. Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a lei de 2004.

Pois ben, a sala de espera do Xulgado de Instrución nº 3 de Pontevedra (que se encarga de violencia contra a muller) carece das mínimas condicións de intimidade e benestar, segundo teñen denunciado sindicatos de xustiza.

Ante estas denuncias, o Goberno galego respondeu hai uns días que a sala vai ser acondicionada para que sexa máis cómoda e acolledora, exactamente o mesmo que a comezos de 2017. Tamén se remitiu á construción do novo edificio xudicial, comprometéndose a acondicionar a sala actual en tanto non exista esta nova edificación.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coincide o Goberno galego en que tanto a protección como a atención ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria na xustiza?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:21:27

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:21:32

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:21:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:21:40

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No mes de febreiro deste ano reuníanse o vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra, coa fin de tratar o asunto de financiamento do proxecto de estación intermodal para a cidade.

O proxecto de estación intermodal xa vén de vello. Consiste en acadar que Pontevedra teña conexión entre as estacións de trens e autobuses, ademais da unión desta segunda estación coa nova avenida Josefina Arruti a través dun ramal e da creación dun gran espazo con aparcamento para dar servizo entre as dúas estacións. Polo visto, a proposta da Xunta de Galicia é a instalación dunha pérgola de conexión peonil duns 100 metros (descartando entón un túnel ou unha pasarela elevada).

A cuestión está en que o Goberno galego axude a cofinanciar, xunto co concello, esta obra. Mais dende o mes de febreiro nada se sabe e ocorre que o Proxecto de lei de orzamentos do Estado nada di e a Lei de orzamentos da Xunta de Galicia só destina 100.000 euros en 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como ten previsto o Goberno galego facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:22:11

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:22:15

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:22:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia, responde exclusivamente a criterios de legalidade, obxectividade, imparcialidade e independencia, polo que se deben evitar inxerencias no seu traballo. Ningún goberno debería pretender tutelalo dirixindo as súas investigacións e o senso do seu proceder.

Esta é a teoría, mais, por desgraza, a práctica é outra ben diferente: o actual ministro de Xustiza, Rafael Catalá, leva xa tres fiscais xerais do Estado (un por ano) ata que atopou a “correa de transmisión” perfecta que buscara sen éxito ao longo destes anos; tanto é así, que recentemente ten relevado a 35 titulares de órganos clave do ministerio público, algúns tan sensíbles como as xefaturas da Fiscalía Anticorrupción ou da Audiencia Nacional.

Ao anterior hai que unir que o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal establece que as dilixencias de instrución se practicarán durante o prazo máximo de 6 meses dende a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas -18 meses se fose complexa e que podería ser prorrogada por igual ou inferior prazo-, o que vai ter un efecto adverso para conquistar clarexar os feitos delitivos e aos seus responsables. Como advirte a propia asociación “Unión Progresista de Fiscais”, a lei (...) determinará a impunidade dunha boa parte deles como consecuencia do establecemento dun prazo taxado de instrución. Porque o certo é que se corre o risco de que este artigo provoque *de facto* unha amnistía para as tramas de corrupción nos xulgados.

A maiores, o Goberno esquece a insuficiencia de medios persoais e materiais dos xulgados en xeral e da Fiscalía en particular. E isto pode provocar unha amnistía para as tramas de corrupción e a impunidade dos responsables. O propio Goberno galego debería esixirlle ao Goberno do Estado o incremento efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal,

 Grupo Parlamentario

moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, e, de paso, cumprir o propio Decreto 124/2014, do 11 de setembro, en canto ao número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Estase a cumprir en Galicia o Decreto 124/2014, do 11 de setembro?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:22:37

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:22:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:22:47

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Goberno galego leva máis de 6 anos tentando a modificación da Lei de dereito civil de Galicia do ano 2006. En concreto, os intentos de modificacións foron os relativos a:

1. Custodia compartida dos/as fillos/as.
2. Separación de bens como réxime económico matrimonial automático, sen necesidade de acudir á Notaría para outorgar escritura pública.
3. Reparto da herdanza e a lexítima.

Pois ben, a Comisión de Expertos encargada de tramitar a modificación desactivou calquera reforma, aínda que o vicepresidente do Goberno dixo que non renuncian a implementala se os expertos consideran nun momento determinado que se dan as condicións xurídicas ou se hai máis unanimidade.

Descoñécense os motivos destas declaracións, sobre todo respecto da modificación do reparto da herdanza e a lexítima, fundamentalmente porque non se coñecen nin o contido da posible reforma nin o da resposta dos expertos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal foi o contido proposto á Comisión de Expertos polo Goberno galego para a reforma da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, e relativa aos reparto da herdanza e a lexítima?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:23:07

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:23:12

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:23:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O 24 de xuño de 2017 cumpríase o tricentenario da Masonería, institución que hai 300 anos se atrevera a soñar cun ideal para a Humanidade sostido sobre principios sinxelos: o dereito a pensar e o deber de tolerar, as liberdades de conciencia e de pensamento, a tolerancia fraternal cara ao outro e a dignidade humana máis aló de credos, clases sociais, razas, ideas ou nacións. Lamentablemente, ao logo destes 300 anos todos os fundamentalismos relixiosos, todos os totalitarismos políticos e todos os pensamentos únicos coñecidos perseguiron os ideais dunha institución que hoxe segue a estar severamente ameazada en 23 países do mundo.

España e Galicia non foron unha excepción nesta persecución. Por tal motivo, no inicio do presente período parlamentario no Congreso dos Deputados e a través dunha proposición non de lei, o Grupo Parlamentario Socialista pedía a anulación de todas as sentenzas e condenas ditadas polo Tribunal de Represión da Masonería e o Comunismo, entre outros tribunais ilexítimos e ilegais, que condenaron a aquelas persoas que defenderon a legalidade institucional, pretenderon o restablecemento dun réxime democrático e tentaron vivir conforme a opcións amparadas polos dereitos e liberdades recoñecidos hoxe pola Constitución de 1978.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, pensamos que no Parlamento de Galicia debemos facer algo semellante.

 Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego o recoñecemento da honorabilidade da Masonería e a petición do cese do sufrimento daquelas persoas que aínda hoxe sofren persecución, sancións, condenas penais, exilio ou son executadas por mor da defensa da Masonería e dos seus ideais?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:23:46

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:23:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:23:56

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 tiña por fin dar pulo á reciclaxe para reducir o volume de lixo que remata no vertedoiro de Areosa e o que se destina a incineración. Este plan proxectaba a construción de 7 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio e que en 2014 pasaron a ser 11; ningunha se ten construído nin se ten definido sequera a súa situación. De momento, a única actuación que xa está en marcha é a ampliación de Sogama, S.A. en Cerceda para construír unha nova planta destinada á reciclaxe, o que, polo visto, permitirá elevar a capacidade de reciclaxe dos residuos da bolsa negra do 5 % ao 15 %.

De todos é sabido que en 2020 as comunidades autónomas deberán reciclar, a lo menos, o 50 % do lixo que xeran, cumprindo así coas directrices da Unión Europea. En Galicia, só o 5 % do que chega a Sogama, S.A. é recuperado ou reutilizado, cifra que nos separa infinitamente dos fins marcados pola UE.

E o problema vai máis alá porque a preservación do medio ambiente e a aposta pola sostibilidade constitúen unha obriga ética cara a cidadanía, tanto das xeracións presentes como das futuras, así como un elemento clave da igualdade de oportunidades e de calidade da súa vida. Por iso acordos como o de París son a base para garantir o futuro das vindeiras xeracións e ser capaces de acadar os obxectivos de redución de emisións.

Desgraciadamente, en Galicia o Goberno do PP segue a perder a oportunidade de ocupar un importante espazo político na escena internacional e estar xunto cos países que lideran a loita contra o cambio climático, presentando uns orzamentos nos que todas as partidas relacionadas coa protección e desenvolvemento do noso patrimonio natural diminúen considerablemente. E que dicir do Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020?

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai elaborar o Goberno galego un novo Plan de xestión de residuos urbanos?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:24:14

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:24:20

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:24:23

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Unha nova oficina xudicial e a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías inciden neste fin. Se a oficina xudicial existise, tamén existiría a centralización de servizos comúns e a imprescindible modernización tecnolóxica. Cómpre unha xustiza totalmente informatizada, onde os que se chaman operadores xurídicos e as distintas instancias da oficina xudicial se comuniquen entre si e coa oficina fiscal a través da rede informática. Pero a oficina xudicial, instrumento básico para o desenvolvemento da función xurisdiccional, está paralizada.

O Goberno galego elaborou un borrador de decreto para implantar os servizos comúns procesuais en Galicia. Segundo informacións recollidas expresamente na Memoria Xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o ano 2014, o borrador estaba en fase de consulta cos distintos operadores xurídicos a finais de 2014, sendo previsible a súa aprobación ao longo de 2015. O decreto segue a ser unha incógnita ata o de agora, aínda que no ano 2016 xa fora remitido ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe.

Nestes días temos coñecido que o Goberno galego vai contratar a unha empresa de consultoría (EVERIS Spain SL) para que elabore un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense, como experiencia piloto, e para que faga unha avaliación da actividade e dos recursos mediante unha diagnose da situación. Pero a cuestión está en que a empresa pouco vai poder dicir:

1. O Decreto xa foi negociado, informado e finalizado, só queda que sexa publicado.

Grupo Parlamentario

2. Todos os datos estatísticos que se necesitarán nunha experiencia piloto -en canto a volume de actividade e carga de traballo- xa están dados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
3. Pedirlle a unha empresa que determine se os recursos humanos son os axeitados é rirse de todos os galegos e galegas. Para que está a Dirección Xeral de Xustiza entón?
4. Finalmente, córrese o risco de que ocorra o mesmo que coa empresa que se encargara hai 8 anos da diagnose da situación na Fiscalía de Santiago de Compostela, cos resultados que xa coñecemos.

En realidade, isto non é máis que a externalización privada da xestión da Administración de xustiza, máis claro a auga.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o Goberno galego que a contratación da empresa de consultoría EVERIS Spain SL é un exemplo de externalización privada da xestión da Administración de xustiza?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:24:56

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2018 16:25:01

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:25:06

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:25:11

 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:25:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na finca de Lourizán (dun valor botánico incalculable), hai un espectacular edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez e del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (integrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Ocorre que as obras de conservación da zona nobre do conxunto da finca de Lourizán corresponden á Xunta de Galicia, consonte o establecido na cláusula 3ª, apartado b), do Convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente sobre aproveitamento da finca de Lourizán, asinado o 21 de xaneiro de 2000, polo que se adaptou ás novas realidades orgánicas e funcionais da Xunta o anterior Convenio de cooperación entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra, subscrito o 22 de xaneiro de 1991, polo que a Deputación cedera por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións.

Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable. E así consta na memoria técnica sobre as intervencións precisas para a súa conservación que foi elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, que calcula un investimento de máis de 14 millóns de euros para a súa recuperación. Di o informe que a seguridade estrutural do edificio non está garantida en varias zonas,

 Grupo Parlamentario

pois a galería está apuntalada, varios dinteis se atopan rotos e algunhas zonas teñen repisado en varias salas e corredores; que hai humidades, zonas invadidas pola vexetación e áreas colonizadas por algas, mofo e líquenes; que a parte da cuberta da cara sur do inmovible está comezando a se fundir con riscos para a seguridade eléctrica e con perigo de cortocircuitos; que as carpinterías interiores e exteriores están en moi mal estado e que non se dispón de ningunha vixilancia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten coñecemento o Goberno galego do estado lamentable de conservación do Pazo de Lourizán, en Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:25:31

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/02/2018 16:25:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/02/2018 16:25:40

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:25:47

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:25:54

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No antigo Pazo de Xustiza de Ourense estanse a realizar obras dende hai uns 3 meses e, semellando que se trata dun edificio catalogado como BIC, descoñécese se hai ou non autorización de Patrimonio para realizalas. Denuncia UGT Xustiza que podería ocorrer que a Dirección Xeral de Xustiza non teña os permisos e licenzas precisos e que tampouco exista o pertinente acordo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para ter feita unha cesión de uso.

Este edificio ten protección integral, propia daqueles que posúen carácter monumental, valor histórico e arquitectónico-urbanístico como expresión dun determinado tempo cultural e histórico, polo que, se a Dirección Xeral de Xustiza non posúe toda a documentación necesaria, entende este grupo parlamentario que as obras deberían ser detidas inmediatamente.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Dirección Xeral de Xustiza licenza do responsable de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para as obras que se están a realizar no edificio do Pazo de Xustiza de Ourense?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:26:19

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/02/2018 16:26:25

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2018 16:26:40

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:26:45

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:26:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:26:55

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En setembro do ano pasado, 375 científicos da “Academia Nacional de Ciencias de USA” remitían unha carta aberta a aqueles que negan o cambio climático. Nesa carta definían este fenómeno como unha realidade física que ten incrementado os gases de efecto invernadoiro e, así, mudado o clima do planeta: quecemento dos mares, a superficie terrestre e a atmosfera interior; acidificación dos océanos; aumento do nivel do mar; patróns de choiva alterados e moitos outros aspectos.

E é que o cambio climático inducido polo ser humano debido ás emisións de gases de efecto invernadoiro está detrás dos episodios de calor extremo en máis do 80 % do planeta, da escaseza de choiva nun 57 % e de períodos de 5 días con precipitacións abundantes nun 41 % da superficie da Terra. Esta é a principal conclusión dun estudo realizado por 11 investigadores da Facultade de Ciencias da Terra, Enerxía e Medio Ambiente da Universidade Stanford, que intenta botar luz sobre a vinculación dos episodios de ondas de calor, choivas torrenciais ou seca co cambio climático de orixe humana.

O mundo científico coincide en que o problema orixinado polo cambio climático é un perigo para a cidadanía presentes e futuros do planeta, ata o punto de que gobernos de case todo o mundo acordaran en París a loita contra este fenómeno, incluíndo compromisos nacionais, posto que, dado o grave impacto económico que ten provocado e que vai provocar, só dispoñemos de 10 anos para nos dar a oportunidade de mudar a tendencia de maneira efectiva. E París foi o lugar escollido por algo, porque Europa lidera este asunto.

Non obstante, en Galicia a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio límitase a deseñar unha futura “estratexia” e a publicar

resolucións aprobando as bases de convocatorias de concursos de fotografía para “entender as nubes”. E iso cando se está a demostrar cientificamente que a adaptación ao cambio climático é imprescindible e o exemplo son os fenómenos meteorolóxicos máis recentes na nosa comunidade: seca extrema, choivas torrenciais, picos de calor en pleno mes de abril, xeadas (normais para esta época do ano, pero que teñen esquilado as froitas que xa saíran porque vai demasiado calor) e moitas colleitas perdidas. E vai ir a máis, os resultados da análise de MeteoGalicia respecto das proxeccións de temperatura máxima, para o período 2061-2090, indican con claridade unha tendencia de aumento dos valores (entre os 3°C e os 4°C, sendo algo menor, entre 2°C e 3°C no terzo norte).

Hai que asumir (sen resignación) que isto vai ser así a partires de agora, que cómpren as axudas para o agro, pero tamén, e non menos importante, que cómpre innovar, investigar e financiar accións destinadas á instalación de sistemas que palíen as futuras secas que de seguro han de vir; cómpre que o Goberno esixa dunha vez por todas un uso máis ecolóxico da auga no agro e a gandaría e, por último, cómpre promover e subvencionar sistemas que prevexan solucións fronte as xeadas e o pedrisco. Son precisas novas liñas de actuación destinadas, fundamentalmente, á adaptación aos cambios que se están a producir e que se producirán.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego elaborar un plan de adaptación de Galicia ao cambio climático?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:27:13

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:27:19

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:27:24

José Antonio Quiroga Díaz na data 08/02/2018 16:27:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/02/2018 16:27:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo público da Xustiza é básico para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Por desgraza, nestes últimos anos de goberno do PP, a Administración de Xustiza en Galicia sinalou a falta de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade Autónoma ten no eido dunha institución tan esencial.

Como indicador, o orzamento de gasto en actuacións relativas á Administración de Xustiza para o exercicio 2017 é de algo máis de 104 millóns de euros, é dicir, só uns 12 millóns de euros máis que as previsións para construcións que recollía o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.

No ano 1995, a Xunta de Galicia asumira a provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza e, dende aquela, iniciouse unha política en materia de infraestruturas coa finalidade de actuar na moi necesaria renovación e construción das instalacións xudiciais. Así naceu o Plan de infraestruturas xudiciais co horizonte 2010-2015.

O vicepresidente da Xunta de Galicia recorre Galicia fachendoso de investir “50.000 euros” en reformas cando o certo é que, só na provincia de Pontevedra, nada do previsto no Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 se ten feito: nada en Pontevedra, Vigo, Cambados, Vilagarcía de Arousa, A Estrada ou Tui.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales van ser os “grandes proxectos para 2017” anunciados polo Goberno galego para Xustiza?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:27:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:27:58

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En outubro de 2011, a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas falaba de incrementar o uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo en Galicia a través do Plan director de mobilidade alternativa, que se comezaría a aplicar en 2012. Naquel momento de diagnose, ofrecíanse multitude de datos e o Goberno galego asumía que o inventario de vías ciclistas revelaba unha escasa presenza de infraestruturas para a bicicleta, inferior aos 250 quilómetros.

Dese plan nada se volveu saber, mais o certo é que en Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno e que máis ou menos un 50 % da poboación ten acceso limitado ao vehículo privado. Por suposto, non é necesario falar de que os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

A asociación PEDALADAS apostaba e aposta por este modelo, encadrado dentro do Plan estratéxico estatal da bicicleta, que se quere poñer en marcha na actualidade en todo o país e que este grupo parlamentario considera esencial.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai aprobar o Goberno galego un plan director de mobilidade alternativa de Galicia nesta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:28:52

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:28:57

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:29:01

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Disposición adicional 1ª da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, establece o seguinte: *“Cada cinco anos, como máximo, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria correspondente, a Mesa do Parlamento de Galicia designará unha Comisión, integrada por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, a fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da presente lei e de aquelas normas que se estimen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio de Galicia”*.

Eses 5 anos de prazo máximo xa se cumpriron no mes de xuño de 2011 e nada se ten impulsado por parte do Goberno galego, agás a celebración de dúas reunións dunha Comisión de Expertos en agosto e setembro de 2010 para establecer un calendario e para decidir cales serían as ponencias técnicas e unha terceira en febreiro de 2011, que foi a última. Estamos en 2017 e seguimos sen nada máis.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai presentar o Goberno galego un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da Lei de Dereito Civil de Galicia e daquelas normas para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio da nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:29:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:29:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:30:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 30 de xuño de 2017 finalizou a prórroga da *vacatio legis* de 6 anos da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil. Neste prazo, o Ministerio de Xustiza debía ter adaptado o rexistro civil ás novas realidades, mais non foi feito tal e como fora previsto na súa orixe en 2011. O Grupo Parlamentario Socialista entende que a materialización da reforma non pode perder de vista que o rexistro civil ha de ser público; gratuíto; preto á cidadanía; desxudicializado; coa mesma estrutura actual, tendo aos xulgados de paz como unidades colaboradoras e con novas tecnoloxías.

Un dos problemas da reforma que formula o Goberno do Estado é a supresión do rexistro civil dos xulgados de paz e a facultade que se lles dá ás comunidades autónomas para o desenvolvemento territorial organizativo, sen ter en conta a dispersión xeográfica de Galicia, a media de idade e a fenda dixital existente. Como exemplo, só na provincia de Ourense, a supresión das competencias do rexistro civil dos Xulgados de Paz afectará a un 47 % da poboación da provincia e a 84 concellos.

Porén, a aplicación informática do folio rexistral único que se pretende desenvolver no pode valer como escusa para afastar o servizo que os rexistros civís prestan á cidadanía e que, ademais, se perdan postos de traballo de persoal especializado.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai instar o Goberno ao Goberno do Estado para que se manteñan todas as oficinas do Rexistro Civil que existen na actualidade en Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:30:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:30:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:30:29

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A memoria das vítimas da Guerra Civil e o franquismo, o seu recoñecemento, reparación e dignificación representa un inescusable deber moral na vida política e é signo da calidade da democracia. A historia non pode ser construída dende o esquecemento e o silencio dos vencidos. O coñecemento do noso pasado recente contribúe a asentar a nosa convivencia sobre bases máis firmes, protexéndonos de repetir erros do pasado. Porque o esquecemento non é opción para unha Democracia.

Coa aprobación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, coñecida como Lei da memoria histórica, a sociedade española avanzou cara a unha Democracia estable e consolidada, cara a concordia. Con esta lei, o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero quixo recuperar a memoria daquelas persoas que padeceran persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura franquista, dando solución a aquelas situacións non contempladas no esforzo de reparación e compensación que viñan desenvolvendo o Estado e as comunidades autónomas dende 1978. Esta lei tivera no seu primeiro ano de vixencia un alto grado de cumprimento, pero foi unha tarefa inacabada e inxustificadamente interrompida. O Goberno do Partido Popular acabou deixando sen efecto esta lei, de maneira que en 2013 desapareceu do orzamento.

A día de hoxe, quedan aínda cuestións pendentes neste ámbito e que foron postas de manifesto polo relator especial de Nacións Unidas nun informe de agosto de 2014. Unha destas cuestións pendentes é a relativa á nulidade daquelas sentenzas militares que condenaron a persoas inocentes a morte ou a cadea perpetua durante os anos da Guerra Civil. Sentenzas ditadas por tribunais creados *ad hoc* para as condenas, sen proba algunha e só por defender a legalidade republicana. A propia Lei de amnistía 46/1977, do 15 de outubro, recolle, como obxecto de amnistía, os delitos polos que foron condenadas milleiros de persoas en Galicia entre os anos 1936 e 1940.

 Grupo Parlamentario

Unha das medidas podería ser a reforma dos artigos 954 e seguintes da Lei de axuizamento criminal de 1882.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno que cómpre acordar a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados *ad hoc*, que condenaron a persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil só por defender a legalidade republicana?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:30:47

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/02/2018 16:30:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:30:57

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:31:01

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. Esta lei di, no seu artigo 7.3, que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

O uso da nosa lingua na Xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando se lle piden expresamente ao Goberno da Xunta de Galicia. Así o ten feito este Grupo Parlamentario, obtendo como resposta vaguidades:

- 1.- O servizo de tradución corre a cargo dos equipos lingüísticos existentes na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (na Coruña), así como nas sedes das audiencias provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense. Tamén existen outros equipos de apoio nos decanatos dos Xulgados de Santiago e de Vigo, e un departamento de coordinación dos equipos lingüísticos na Dirección Xeral de Xustiza. Estes profesionais non só traducen, senón que tamén desenvolven tarefas de asesoramento, resolución de dúbidas ou elaboración de material de consulta.
- 2.- No que atinxe á actividade dos letrados e letradas da Xunta de Galicia, se coidará especialmente que as actuacións da Asesoría Xurídica que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego.
- 3.- Por último, no que se refire a sentenzas e documentación xudicial, a xestión e custodia destes documentos corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai potenciar o Goberno galego o labor dos tradutores xudiciais para axudar a resolver o escaso uso do galego na Administración de Xustiza en Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:31:23

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/02/2018 16:31:28

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:31:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:31:37

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Regulamento Comunitario (CE) 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre servizos públicos de viaxeiros por ferrocarril e por estrada, puxo límite ao modelo imperante con anterioridade, que en boa medida consistía na renovación automática das prórrogas das concesións dos transportes regulares permanentes de uso xeral de viaxeiros por estrada en Galicia.

Transcorridos case 8 anos dende a súa entrada en vigor (3 de decembro de 2009), o proceso de adaptación non está resolto en Galicia, polo que o Goberno veuse na necesidade de implementar unha serie de medidas de emerxencia ante o abandono de numerosas concesións existentes, proceso ao que eufemisticamente denominou “1ª fase do Plan de transporte público de Galicia”, todo sen a participación dos concellos.

Tamén en Salvaterra de Miño ten ocorrido isto, de forma que unha nova concesionaria formada por unha unión de empresas (Bermúdez e Hijos, Transportes Álvarez Vázquez, Condado Tour e La Sepulvedana) encargouse da liña XG521 Salvaterra-Vigo con anexos. Analizados o proxecto e a publicación de horarios e rutas por parte da empresa concesionaria, sorprende que non se tivese aproveitado a ocasión para reorganizar todas as rutas e adaptalas a unha nova entidade, como é a Área Metropolitana de Vigo. De feito, a única diferenza co proxecto anterior é a redución de rutas e o mantemento dunha hora e media polo traxecto dende Salvaterra á cidade olívica.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre a calidade da prestación de servizos pola nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521 Salvaterra-Vigo con anexos?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Alvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:31:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2018 16:31:59

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 16:32:02

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 16:32:07

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En relación coa resposta á pregunta con número de Rexistro 4142, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre “a posta en marcha por parte do Goberno galego do centro de día do concello de Corcubión”, indican que “... na Costa da Morte existen actualmente dous centros de día dependentes do Consorcio, nas localidades de Muros e de Cabana de Bergantiños”.

Neste sentido, é necesario indicar que a distancia entre Corcubión e Cabana de Bergantiños é aproximadamente de 50 km, e o tempo de desprazamento estaría entre 50 minutos e unha hora e dez minutos. Pola súa banda, a distancia entre Corcubión e Muros, é de aproximadamente 44 km, e o tempo necesario para desprazarse sería entre unha hora e cinco e unha hora e cuarto. Tempos de ida, aos que hai que sumar os tempos de volta, todo isto, recordando que as persoas usuarias do centro de día son persoas maiores e dependentes.

Cabe destacar que Corcubión conta cun edificio rehabilitado para o seu uso como centro de día, no que se investiron en torno a 350.000 euros, cunha capacidade para 25 persoas aproximadamente. A súa radicación é inmellorable atopándose no centro da localidade contando cunha correctísima accesibilidade e proximidade ao centro de saúde da vila; así como ao hospital de Cee a tan só 1,5 km. Este centro non está en funcionamento debido á falta de recursos económicos do concello e cabe salientar que sería o único centro de día da zona sur da comarca da Costa da Morte e xunto co de Muros os únicos de toda a comarca.

Polo tanto, a criterio, non só do deputado e das deputadas que asinan esta iniciativa, senón tamén dos veciños e veciñas da comarca da Costa da Morte, carece de toda lóxica e resulta indignante a resposta dada polo Goberno galego á pregunta formulada.

 Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Valorou o Goberno galego na súa resposta a idade e, polo tanto, as necesidades de persoas dependentes, usuarios e usuarias dos centros de día?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/02/2018 17:05:30

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2018 17:05:44

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2018 17:05:53



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:16
Nº Rexistro: 25818
Data envío: 08/02/2018 17:16:50.811

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás novas adxudicacións feitas polo Sergas á empresa Ibérica de Mantemento S.A.

O 30 de novembro de 2016 rematou o contrato adxudicado en xuño de 2013 pola Xunta de Galiza a Ibérica de Mantenimiento S.A, para o servizo de mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento, que se fíxo por un importe aproximado de 34 millóns de euros.

Con esta adxudicación o Sergas puxo en mans privadas o mantemento de todo tipo de aparataxe, incluídos servizos críticos e vitais como son quirófanos, ucis, urxencias, radiodiagnóstico, autoclaves, bombas de infusión, respiradores, incubadoras, ventosas fetais, monitores, detectores de illamentos, esterilizadores, respiradores, mesas cirúrxicas, desfibriladores etc. Todo o aparataxe para diagnosticar e tratar aos doentes.

Desde a privatización do servizo de electromedicina foron reiteras as denuncias do deterioro, até límites de por en risco a asistencia sanitaria, da prestación do servizo que por parte da empresa concesionaria realiza nos centros hospitalarios.

O Bloque Nacionalista Galego denunciou en reiteradas ocasións a situación e presentou iniciativas para que por parte da consellaría de Sanidade se rectificara.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:16
Nº Rexistro: 25818
Data envío: 08/02/2018 17:16:50.811

Traballadores/as, sindicatos e responsábeis dos centros sanitarios, realizaron denuncias das deficiencias na electromedicina, o risco na asistencia, e a anulación e suspensión de probas diagnósticas por non ter os equipos reparados, ou por que estes non ofrecían as suficientes garantías. Tamén hai constancia de que @s responsábeis técnicos de diferentes centros sanitarios do Sergas emitiron informes desfavorábeis sobre o traballo desenvolvido pola empresa adxudicataria e dos sistemáticos incumprimentos das condicións recollidas no contrato.

É evidente que as privatizacións levadas a cabo desde a Xunta non teñen como obxectivo a mellora dos servizos nin o aforro económico, senón o afán do goberno do Partido Popular por privatizar a sanidade pública galega, entregándoa a empresas privadas para facer negocio coa saúde dos cidadáns.

O que se fixo foi desmantelar un servizo público que funcionaba perfectamente, con custes reducidos, profesionais cualificados, con experiencia e unha calidade na asistencia inmejorable, que coñecían o estado dos equipos e das instalacións por unha empresa adxudicataria, que non cumpriu co contrato.

Se resulta difícil de entender como o Goberno galego malia ser conscientes da gravidade da situación non tomou ningunha medida para avaliar a prestación deste servizo, e unha vez detectadas as irregularidades, adoptar as medidas de penalización recollidas na folla de prescricións administrativas particulares da concesión, nin o rescate do servizo; aínda o é máis que volva a adxudicarllo a unha empresa, que está máis que demostrado que non só foi ineficiente senón que incumpriu sistematicamente as condicións da prestación do servizo establecidas no contrato, incumprimentos tamén detectados e recollidos polo Consello de Contas no seu informe.

Tanto é así que temos información de que se lle teñen retidas partidas económicas por non ter xustificado a realización de servizos, ou telo feito



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:16
Nº Rexistro: 25818
Data envío: 08/02/2018 17:16:50.811

insatisfactoriamente, así como se lle reclama cantidades pagadas por servizos que non deu realizado.

Resulta polo tanto inxustificábel que o propio Sergas volva a adxudicarlle contratos de mantemento en diversas EOXS como Vigo, Pontevedra-Salnés, Santiago.

Diante desta situación fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como se xustifica que o Sergas lle adxudique novos contratos a unha empresa á que o propio organismo lle reclama cantidades económicas por incumprir contrato e non lle paga outras pola mesma razón?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:16
Nº Rexistro: 25818
Data envío: 08/02/2018 17:16:50.811

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2018 17:14:24

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2018 17:14:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2018 17:14:30

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2018 17:14:31

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2018 17:14:33

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2018 17:14:34

A MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, sobre a nova normativa europea que afecta a aplicación do xurro e do esterco.

O pasado día 1 de xaneiro, a normativa europea puxo en alerta ao sector agrario galego prohibindo espallar o xurro polo aire, tal e como se fixo en Galicia os últimos 50 anos. A nova normativa obriga a inxectalo no chan ou a enterralo no caso de que sexa esterco.

Se aceptase este novo marco, o sector tería que cambiar o seu sistema de traballo tradicional, así como a súa maquinaria, co conseguente custe económico. O custe global estímase en torno aos 70 millóns de euros. Gran parte dos cartos empregaríanse en renovar máis de 20.000 cisternas, xa que só o 10% das actuais poderían adaptarse ao sistema de inxectores requirido. As novas cisternas costarían entre 12.000 e 18.000 euros. A adaptación sería moito máis custosa (o triplo) para as dúas mil granxas que, a maiores, terían que comprar cubas novas. Iso por non falar dos agricultores que terían que xubilar os seus vellos tractores para comprar outros novos cunha potencia acorde aos inxectores.

No que respecta a propia práctica, o principal problema ten que ver co feito de que se precisaría moito máis tempo (o triplo) para facer exactamente o mesmo traballo.



Tendo en conta as complicacións mencionadas, cabe pensar que Galicia non está en condicións de cumprir a nova normativa europea. Tampouco Asturias, segundo a opinión do seu Goberno. Precisamente por iso, o Goberno de Asturias decidiu establecer unha serie de excepcións á normativa europea pactadas co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), xestora das axudas da Política Agraria Común (PAC). As excepcións permitirían que máis do 90% da superficie agrícola e gandeira estivera exenta de cumprir a norma. No 96% das parcelas poderíase seguir empregando o xurro e o esterco como se veu facendo ata o de agora.

As excepcións introducidas no caso de Asturias beneficiarían ao campo galego e adaptaríanse mellor á súa realidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa respostal oral en Pleno

Pensa a Xunta de Galicia incluír as excepcións introducidas polo Goberno de Asturias á normativa europea que afecta a aplicación do xurro e do esterco?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/02/2018 17:23:14



Paula Quinteiro Araújo na data 08/02/2018 17:23:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25831
Data envío: 08/02/2018 17:30:49.955

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para solucionar as deficiencias no centro de saúde de Tui.

A preocupación do pobo galego pola situación da sanidade pública vai en aumento, cada vez son máis as persoas conscientes do deterioro da sanidade pública galega froito da decisión do Goberno do PP de favorecer o negocio privado coa nosa saúde e de recortar todo tipo de recursos, persoal, orzamentos, infraestruturas...

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Cada día ponse en evidencia, con crueza, esta situación de retroceso e de deterioro da Atención Primaria en Galiza. Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25831
Data envío: 08/02/2018 17:30:49.955

acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Neste contexto o centro de saúde de Tui está a sufrir tamén as consecuencias da política sanitaria do Partido Popular. Un megaproxecto defendido polo anterior alcalde do Partido Popular, Moisés Rodríguez, que aínda carece de licenza de actividade, e que desde a súa posta en funcionamento mostra carencias e deficiencias que causan prexuízos tanto a profesionais como a doentes:

-A sala de espera de urxencias é claramente insuficiente, pois so hai espazo para 10 persoas, véndose obrigados a agardar en corredores e en zonas que non son destinadas a tal fin dificultando o traballo do persoal sanitario.

-Na primeira planta do centro de saúde (zona de consultas) existen so 3 baños, dos cales ningún é para uso exclusivo do persoal sanitario, obrigando a compartilo, ou , en caso contrario , téndose que desprazar, o persoal sanitario, á planta menos un.

-Na zona de vestiarios, de descanso e de comida do persoal sanitario de urxencias, hai un forte cheiro a sumidoiro o que fai imposíbel o traballo diario de xeito digno. Non esquezamos que as quendas laborais abrangue desde as 15:00 horas até as 08:00 do día seguinte, ou 24 horas en domingos e festivos.

-A porta principal de acceso ao centro de saúde está situada cara ao norte, polo que os pacientes que realizan xestións na entrada reciben continuas correntes de aire. A súa vez, esta entrada carece de pasarela de protección, e de sitio de aparcamento para poder descargar aos doentes. Por outra banda, polas mañás (até as 15:00 horas) a porta de urxencias permanece pechada, polo que o persoal de ambulancias vese obrigado a rodear o centro de saúde ou, ben dar aviso, e agardar a que lle abran a porta de urxencias.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25831
Data envío: 08/02/2018 17:30:49.955

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Vai atender a Xunta as demandas de profesionais e doentes e darlle solución as deficiencias existentes no centro de saúde de Tui?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2018 17:29:02

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2018 17:29:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2018 17:29:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25831
Data envío: 08/02/2018 17:30:49.955

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2018 17:29:10

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2018 17:29:11

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2018 17:29:13

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O día 2 de xaneiro de 2017, o Diario Oficial de Galicia publicaba unha resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se facía pública a formalización dos contratos administrativos do servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) para Galicia 2014-2020. O valor estimado do contrato era de 304.940 euros e o importe total do orzamento 368.977,40 euros. Finalmente, a entidade adxudicataria foi Eulen, SA.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio desbota así a posibilidade de asumir a xestión directa da limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais de Galicia, deixando que sexa a empresa privada. Pois ben, este grupo parlamentario entende que é necesaria a potenciación de mellores e de outros modelos de xestión, poñendo sempre en primeiro lugar a xestión directa, mellorando o financiamento do servizo e castigando ás empresas que compitan a prezos temerarios. A maiores, descoñecemos cal é o nivel de rigor no control por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Por iso preguntamos no mes de agosto.

A resposta do Goberno galego -vaga e escueta- foi que os controis sobre o terreo das actuacións realizadas no marco deste contrato se realizan dende os servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, dependentes das xefaturas territoriais e que se designaron técnicos de cada servizo como responsables da supervisión dos lotes do contrato.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que tipo de controis das actuacións contratadas para o servizo de limpeza de marxes en tramos fluviais de Galicia se realizan polo servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 17:31:15

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2018 17:31:20

María Luisa Pierres López na data 08/02/2018 17:31:24



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 25863
Data envío: 08/02/2018 18:24:53.909

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro.

O 7 de setembro de 2016 a Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio anunciou a sinatura co concello de Viveiro dun convenio no que se comprometía a investir uns 3 millóns de euros para mellorar a rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro.

O prazo previsto para executar todas as actuacións recollidas neste convenio, segundo declaracións da propia Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, prolongaríase ao longo de trinta meses.

Dez meses despois da sinatura, a terza parte do prazo establecido para o remate de todas as actuacións, a rotura do emisario e o vertido persisten sen que se teñan efectuado as obras comprometidas.

Esta situación supón un perigo para as embarcacións que entran no peirao, pola rotura, así como un sobrecoste á actividade pesqueira ao ter que filtrar a auga para garantir o 100% da calidade dos produtos, como teñen denunciado desde Portos de Celeiro S.A.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 25863
Data envío: 08/02/2018 18:24:53.909

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a veciñanza de Viveiro está a pagar na factura do recibo da auga uns tributos (canon de saneamento e depuración de augas residuais) por uns servizos que a administración non está a atender axeitadamente e por outra banda, cremos que Portos de Celeiro, S.A., que xa ingresa uns 840.000 € anuais (un promedio de 70.000 €/mes) ao ente público adscrito á Consellería do Mar, Portos de Galicia, pola súa actividade en concepto de tarifa X-4 (1,75% das vendas en lonxa), está a soportar a maiores uns gastos alleos aos propios da súa actividade empresarial que non lle corresponde asumir e que poden repercutir negativamente na xeración de postos de traballo da entidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando pensa executar o Goberno galego as medidas previstas en 2016 para mellorar a rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 25863
Data envío: 08/02/2018 18:24:53.909

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2018 18:23:26

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2018 18:23:31

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2018 18:23:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2018 18:23:33

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2018 18:23:35

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2018 18:23:36

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O despoboamento é un dos maiores problemas que Galicia ten na actualidade, e as proxeccións a curto prazo (IGE 2016-2031) preséntannos un panorama desolador, prevendo unha perda total de 230.722 persoas entre 2017-2031, o que supón perder o 68,56 % da poboación actual de Lugo ou o 74,05 % da poboación de Ourense.

Na actualidade en Galicia existe un desequilibrio demográfico claramente marcado, así mentres a maior parte da poboación se concentra nas provincias da Coruña e Pontevedra, as provincias de Lugo e Ourense teñen a maior dispersión poboacional, así como de zonas despoboadas. E dentro das provincias atlánticas, a maior concentración poboacional establécese ao longo do trazado da AP-9.

Nun segundo nivel, temos a polarización territorial entre o rural e o urbano; así, mentres que a poboación acumúlase nas áreas urbanas e as súas áreas de influencia, a maior parte dos concellos sofren unha perda de poboación alarmante ano tras ano.

O despoboamento afecta directamente ao equilibrio do noso Estado de benestar, entrando nun círculo vicioso no que a dificultade para a prestación de servizos (menor número de beneficiarios, encarecemento dos servizos, dificultade para o acceso ás novas tecnoloxías) implica emigración pola falta de servizos e oportunidades.

Esta emigración implica que as persoas que marchan son o potencial máis novo en idade de traballar, coa consecuencia lóxica da caída da natalidade e da poboación infantil, permanecendo, na súa maioría, as de maior idade.

Esta situación concrétase nunha drástica redución das expectativas de reemprego e equilibrio a medio prazo da relación de dependencia.

 Grupo Parlamentario

A realidade exige medidas políticas urxentes que eviten que perdamos o futuro, que diminúa a nosa calidade de vida, que perdamos oportunidades, que aumenten as desigualdades entre territorios e, polo tanto, poñer en risco a cohesión social, conculcando dereitos fundamentais constitucionalmente protexidos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego aplicar, de forma progresiva, o conxunto das recomendacións aprobadas pola Comisión de Despoboación da FEMP.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 10:45:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2018 10:45:43

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Expresamente recoñecido na Constitución de 1978, en concreto, no seu artigo 62.i), o exercicio do dereito de gracia atópase regulado na lei de 18 de xuño de 1870, modificada no ano 1988.

É certo que o Tribunal Supremo ten fixado unha liña xurisprudencial reiterada pola que entende o indulto como un acto controlable en vía xurisdiccional, pero só nos seus aspectos formais, polo que se ten excluído ata o de agora sobre a motivación da decisión de indulto. Mais tamén é necesario comprendelo como un recurso excepcional, só democraticamente asumible cando na súa concesión concorran razóns de Xustiza, equidade ou utilidade pública e sen perder de vista a súa incidencia na reinserción social do condenado, para así cumprir coa finalidade do artigo 25 da Constitución.

Claramente, este grupo parlamentario entende que non está xustificado o seu uso nos casos de corrupción. Por outro lado, a prohibición da arbitrariedade na actuación dos poderes públicos que consagra o artigo 9.3 da Constitución supón a prohibición de toda actuación sen xustificación, polo que este artigo impide que a discrecionalidade que en determinados ámbitos gozan os poderes públicos no seu labor sexa sinónimo de arbitrariedade. E o mellor modo de evitar unha conduta arbitraria é esixir que todo indulto, total ou parcial, veña acompañado das razóns para a súa concesión, é dicir, que os reais decretos de indulto sexan motivados. Porque a transparencia ha de presidir a actuación de todas as administracións.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Apoia o Goberno galego que se esixa ao Goberno do Estado a modificación da Lei do indulto de 1870 para prohibilo nos casos de corrupción?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 16:29:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 16:29:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 16:29:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno, relativa a unha subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación para a organización do arquivo municipal de Vedra.

O mércores 6 de abril de 2016 saíu publicada no DOG nº 65 a Orde do 10 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

O Concelleiro de Cultura de Vedra, Enrique Vázquez Martínez (PPdG), solicitou unha subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a organización do arquivo municipal.

No proxecto que se axuntaba na solicitude de subvención, xa constaba o nome dunha amiga do voceiro do PP, Celia A.M. para ocupar a praza. Posteriormente ese documento desapareceu do expediente, baixo o pretexto alegado polo concelleiro de que era un “borrador”. A alteración de expedientes administrativos fixo que a oposición do Concello vise indicios de prevaricación e que denunciase nos plenos municipais e nos medios de comunicación que a persoa aludida accedeu “a dedo” nun procedemento negociado sen publicidade.

Especifícase tamén nas bases que as axudas reguladas concederanse en réxime de concorrência competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Polo tanto, é congruente que a oposición municipal iniciase unha serie de preguntas e iniciativas no pleno do Concello para saber que se ocultaba nesta contratación, pola existencia de irregularidades. Estamos diante dun absoluto escurantismo e



con total falla de transparencia, con comportamentos totalmente vergoñentos da Administración Local. Estamos diante de “irregularidades intolerables. Non se cumpren os requisitos legais mínimos de publicidade e, polo tanto, de igualdade como requiren as bases da convocatoria.

Con saída rexistrada o 23 de setembro, a Consellería resolveu que Vedra sería beneficiada coa máxima axuda de 5000 €. As Axudas (77.740€) repartíronse entre 19 proxectos. Porén, o Concello de Vedra recibiu esa subvención da Consellería de Cultura. En total destináronse 7.581 euros, dos que o propio municipio asumiu o 33%, para realizar un proxecto que o concelleiro Enrique Vázquez calculou que se realizaría en tres meses e medio - a razón de 560 horas de traballo total-. O traballo consistiría na "migración dos datos do software da versión 2.0 á 3.0 de 5.958 rexistros e actualización do inventario de 145 unidades de instalación", que levaría unha semana; na "catalogación do fondo emigración", que serían dous meses; na "catalogación do Libro de Emigrantes", que levaría unha semana e na "catalogación de 100 anos de actas do pleno”.

Finalmente, o traballo acabaría realizándose nun mes e cinco días. Como é posible facer un traballo estimado en tres meses e medio en pouco máis dun mes?. "Fíxose un cálculo aproximado, xa que os datos concretos saen do traballo, que se fai igual que nas demais solicitudes de subvención", contestaba o concelleiro de Cultura na Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas no verán do 2017. Ademais, engadía que "a carga de traballo é aproximada xa que non se pode calcular con exactitude unha carga de traballo que non está cuantificada a priori, que non saben cantas actas hai e o mesmo pasa coa documentación de emigrantes”.

O Concello recoñeceu que non foi quen de facer un orzamento previo, por imposibilidade de medir ben a carga de traballo, pero por que cando se puxeron a executar e viron que había menos traballo do inicialmente previsto, non se viu reflectido na modificación do orzamento?



O día 6 de outubro, a Alcaldía dispuxo “ordenar que se soliciten tres presupostos para a adxudicación do proxecto, atendendo ás bases reguladoras que rexen as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e tendo en conta a limitación nos prazos de execución e xustificación para poder realizar os traballos reflexados na memoria que acompañaba a solicitude”. Así, e aínda que é un proceso negociado sen publicidade, é necesaria a presentación de ata tres ofertas. Esas ofertas recibíronse nunha tarde e o xurado para a elección desa persoa -a técnico local de emprego e o responsable do arquivo- tardou menos dun día en seleccionar á persoa gañadora. A oposición entende que á vista do período entre a data do acordo do procedemento e a data de sinatura do contrato, "había prazo suficiente" para facer o procedemento negociado con publicidade. Hai unha clara alteración do obxecto inicial do contrato, da falla de proporcionalidade entre o importe do contrato e o servizo prestado e un tratamento favorable cara a adxudicación do contrato que redundo no enriquecemento da persoa.

A Xunta di que é posible traballar 16 horas durante 35 días para facer un encargo previsto en 105 días. Asemade, a Xunta entende que o proxecto presentado por este municipio cumpría cos requisitos esixidos na convocatoria, que era o de organizar fondos documentais do Arquivo municipal. O Rexedor afirma que “Foi un contrato menor e realizouse en base a legalidade”. Este contrato adíuse cinco días, segundo a oposición debeuse a problemas da contratada en darse de alta na Seguridade Social-, o rexedor indicou que "a única intervención que tivo foi asinar os documentos que viñan na carpeta de firma" e que, polo tanto, descoñecía o motivo dese atraso. Dixo, tamén, que tampouco sabía se a contratada se dera de alta exclusivamente para este traballo ou se continuou despois.

Por outra banda, ningún comprobou a recepción dos traballos. E ao final é a propia contratada quen certifica a finalización dos traballos. Na páxina web do



concello non hai información ningunha do arquivo histórico. Os documentos propostos para dixitalizar estarán previamente organizados e descritos nunha base de datos segundo a Norma galega de descrición arquivística (NOGADA). Os proxectos deberán incluír a creación dun arquivo dixital de conservación permanente e a creación dunha copia dixital para a difusión na páxina web do Portal de Arquivos de Galicia.

Consultada a páxina web do Portal de Arquivos de Galicia, a información que alí figura é a seguinte: “Non se ten constancia do arquivo como oficina municipal, a custodia da documentación estaba vinculada á figura do Secretario. En 1956 acométense obras para evitar o derrube da casa consistorial e no ano 1967 acondicionase o primeiro andar para vivenda do Secretario. A actual casa do concello construíuse en 1980 e inaugurouse en 1982. A documentación tivo que trasladarse a outra ubicación temporal mentres duraban as obras. Unha vez rematas as obras de ampliación a documentación distribuíuse polas diferentes oficinas e a máis antiga gardouse no faiado da casa consistorial. Será en 1999 cando se acondicione un espazo para o arquivo do concello, na planta baixo cuberta da casa do concello. Ademais contan con dous depósitos máis pequenos a maiores no soto e na planta baixa”. Por certo, a descarga de fondos do arquivo está bloqueada.

Ante esta situación, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- É frecuente que a Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pase por alto as irregularidades administrativas cando, coma neste caso, veñen de solicitudes de administracións gobernadas polo PP?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018.



Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira


Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/02/2018 18:27:52

Luca Chao Pérez na data 08/02/2018 18:27:59

Luis Villares Naveira na data 08/02/2018 18:28:06



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727